

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN DE
ORIENTACIÓN E DE
ACCIÓN TITORIAL
PARA O CURSO
2023/2024

IES LUÍS SEOANE

ÍNDICE

- 1.- MARCO TEÓRICO E LEXISLATIVO
- 2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
 - 2.1.- ENTORNO XEOGRÁFICO, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL
 - 2.2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO: DATOS DE IDENTIFICACIÓN
 - 2.3.- CENTROS QUE ABRANGUE O DTO. DE ORIENTACIÓN
3. - ANÁLISE DAS NECESIDADES EDUCATIVAS
 - 3.1.- RELATIVAS AO CENTRO
 - 3.2.- RELATIVAS AO ALUMNADO
 - 3.3.- RELATIVAS ÁS FAMILIAS
 - 3.4.- RELATIVAS AO PROFESORADO
 - 3.5.- RELATIVAS AO CENTRO ADSCRITO
- 4.- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - 4.1.- CONFIGURACIÓN
 - 4.2.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN
 - 4.3.- FUNCIONES
- 5.- OBXECTIVOS
- 6.- CONTRIBUCIÓN DESDE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE
- 7.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS
 - 7.1.- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - 7.2.- PLAN DE ACOLLIDA
 - 7.3.- PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE
 - 7.4.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
 - 7.5. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL
 - 7.6.- PLAN DE CONVIVENCIA:
 - 7.6.1.- MEDIACIÓN ESCOLAR
 - 7.6.2.- ESPAZO DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA
 - 7.6.3.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS
 - 7.6.4.- PROGRAMA ESPECÍFICO DE HABILIDADES SOCIAIS
 - 7.7.- PLAN ANTIACOSO ESCOLAR
 - 7.8.- PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL
 - 7.9.- COLABORACIÓN COS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN
- 8- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- 9- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN
- 10- ANEXO: PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

PLAN DE ORIENTACIÓN E DE ACCIÓN TITORIAL PARA O CURSO 2023/2024

O Plan de Orientación e de Acción Titorial é o marco de actuación común no que se inscribe o conxunto de tarefas orientadoras e titoriais do noso instituto; consecuentemente, constitúe unha ferramenta que contribúe á mellora da calidade das ensinanzas ofertadas.

O POAT debe estar suxeito a planificación e avaliación para facilitar a súa mellora progresiva e o seu axuste permanente ás necesidades do centro.

Debe contar, tamén, coa participación de toda a comunidade educativa para garantir a súa integración na práctica docente e na vida do Centro.

1.- MARCO TEÓRICO E LEXISLATIVO

A Orientación Educativa e Profesional atópase determinada pola seguinte normativa legal:

NORMATIVA REGULADORA DO SISTEMA EDUCATIVO:

- **LOMLOE:** Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación.
- **LOE:** Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- **LODE:** Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito a Educación.

NORMATIVA ESPECÍFICA DE ORIENTACIÓN:

- **Decreto 120/1998 do 23 de abril**, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia.
- **Orde 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional en Galicia.

NORMATIVA ESPECÍFICA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

- **LEI 10/2014, de 3 de decembro**, de accesibilidade.
- **Real Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro**, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia.

- **Orde de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Real Decreto 943/2003** polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos sobredotados intelctualmente.
- **Resolución do 12 de xuño de 2023** da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regulan os Contratos - Programa Incluíe (CPInclúe) para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2023/24.

NORMATIVA ESPECÍFICA DO CENTRO E DAS ENSIANZAS QUE OFERTA:

- **Decreto 324/1996 do 26 de xullo** polo que se establece o regulamento orgánico dos institutos de Galicia no seu artigo 53 establece a existencia dun Departamento de Orientación e nos artigos 58 e 59 faise referencia á titoría e a orientación.
- **Orde 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 do 26 de xullo** polo que se establece o regulamento orgánico dos institutos de Galicia. Nos artigos 53 e 54 fan referencia á composición e funcións do Departamento de Orientación e nos artigos do 63 ao 68 á titoría.
- **Orde do 28 de xuño de 2010** pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias. (DOG 06/07/2010)

- **Decreto 79/2010** para o plurilingüismo no ensino non universitario.

ESO E BACHARELATO:

- **Decreto 156/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria** na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 157/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato** na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 19 de abril de 2018** pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo**, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.
- **Real Decreto 243/2022, do 5 de abril**, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato.
- **Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro**, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.
- **ORDE do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- **ORDE do 8 de xullo de 2021** pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- **ORDE do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- **Resolución** do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das

ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

FORMACIÓN PROFESIONAL:

- **Lei 2/2011, do 4 de marzo**, de economía sustentable.
- **Lei Orgánica 4/2011, do 11 de marzo**, complementaria da Lei de economía sustentábel, pola que se modifican diversas leis, entre elas a Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.
- **Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo**, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- **Real decreto 1147/2011**, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- **Real decreto 34/2008** de 17 de xullo polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- **Real decreto 1224/2009**, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
- **Orde do 24 de maio de 2005** pola que se regula o desenvolvemento de estadias formativas en empresas ou institucións situadas fóra do Estado español destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas non universitarias en centros autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento de estadias de formación práctica en empresas ou institucións situadas en Galicia, destinadas ao alumnado procedente doutros Estados.
- **Orde do 28 de febreiro de 2007** pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Corrección de erros da Orde do 28 de febreiro de 2007** pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo.
- **Decreto 114/2010, 1 de xullo** polo que se establece a ordenación xeral da FP do sistema educativo de Galicia.

- **Orde 12 de xullo de 2011**, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de Formación Profesional Inicial.
- **Orde ECD/1055/2017, do 26 de outubro**, pola que se modifica a Orde ECD/2159/2014, do 7 de novembro, pola que se establecen validacións entre módulos profesionais de formación profesional do Sistema Educativo Español e medidas para a súa aplicación, e se modifica a Orde do 20 de decembro de 2001, pola que se determinan validacións de estudos de formación profesional específica derivada da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
- **Orde do 29 de novembro de 2019** pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (código de procedemento ED517B).
- **Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro**, pola que se establecen as validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional dos sistema educativo español e as medidas para a súa aplicación (anexos I,II,III e IV), e se modifica o Real Decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, así como as recollidas nos anexos correspondentes dos reais decretos dos títulos publicados con posterioridade ao 5 de marzo de 2017.
- **Resolución do 14 de xuño de 2023** pola que se publica o anuncio da actualización da oferta de formación profesional do sistema educativo en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2023/24.

FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO BÁSICO

- **Orde 5 de agosto de 2014**, pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de FP BÁSICA no curso 2014-15.
- **Orde 13 de xullo de 2015** pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- **Decreto 107/2014, do 4 de setembro**, regula aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia e establece vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

- **Decreto 71/2017, de 24 de maio**, polo que se establecen seis currículos de títulos profesionais básicos.
- **Real decreto 217/2022**, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria (currículo de aplicación no curso 2022-2023 para o ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais I e para o ámbito de Ciencias Aplicadas I, no primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico). no curso 2022-2023 será de aplicación ao alumnado de segundo curso de ciclos formativos de formación profesional básica o establecido no Real decreto 984/2021, do 16 de novembro xa que o alumnado que supere a totalidade dos módulos incluídos nun ciclo profesional básico obterá ademais o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- **Orde do 7 de xuño de 2022** pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2022/23.
- **Resolución do 6 de xullo de 2023**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24.

FORMACIÓN PROFESIONAL ADULTOS:

- **Decreto 88/1999, do 11 de marzo**, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.
- **Decreto 114/2010, do 1 de xullo**, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia, establece no capítulo V as vías para obtención dos títulos de formación profesional e os réximes e as modalidades das ofertas de formación profesional.
- **Orde do 5 de novembro de 2010**, pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.
- **Orde do 15 de xuño de 2016** pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.
- **Resolución do 14 de xuño de 2023** pola que se publica o anuncio da actualización da oferta de formación profesional do sistema educativo en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2023/24.

FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL:

- **Real decreto 1529/2012, de 8 de novembro**, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.
- **Orde do 6 de xuño de 2014** pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos en colaboración con diversas entidades.
- **Orde do 19 de agosto de 2015** pola que se amplían os proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades, autorizados pola Orde do 3 de xuño de 2015.
- **Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo** de ordenación e integración da formación profesional, indica no seu artigo 52 que os cursos de especialización poderán desenvolverse na modalidade dual.
- **Resolución do 14 de xuño de 2023** pola que se publica o anuncio da actualización da oferta de formación profesional do sistema educativo en centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2023/24.

NORMATIVA CONVIVENCIA:

- **LEI 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **LEI 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- **Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro** polo que se desenvolve a lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

PROTOCOLOS PUBLICADOS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN:

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Addenda de diabetes.
- Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de protección de datos.
- RUMI Follas de notificación de risco e maltrato infantil desde o ámbito educativo.
- Orientación e respostas educativas: Alumnado con discapacidade visual.

En base á lexislación anteriormente citada, o Departamento de Orientación elabora a seguinte programación co fin de clarificar as súas funcións e tarefas, e organizar así o seu traballo dentro do contexto institucional do centro.

Entendemos a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa e abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente.

Pretendemos organizar e estruturar de forma sistemática as medidas e respostas que queremos tomar ante unha serie de aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións que consideramos básicos de cara á formación dos nosos alumnos/as, para a súa inserción na sociedade de forma creativa e transformadora.

Partimos dos seguintes principios na elaboración do presente POAT:

- Estará baseado na análise da realidade do entorno e do centro, así como na avaliación e priorización das necesidades da comunidade educativa.
- Procuraremos contemplar accións que desenvolvan a actividade orientadora en todas as etapas, ciclos e niveis educativos que se impartan no centro, favorecendo o principio de continuidade da orientación na escolarización do alumnado.
- Concíbese como un plan de acción, destacando a necesidade de relación entre o plan e o seu desenvolvemento nas aulas.
- Pretendemos que sexa un proxecto de cambio e de mellora.
- O Plan non é un documento rematado, irase construíndo e revisando continuamente en base ás necesidades e ás inxerencias que vaian xurdindo, será por tanto unha guía en continua revisión.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1.- ENTORNO XEOGRÁFICO, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL.

No ano 1994, coincidindo coa dedicatoria do día das Letras Galegas a Luís Seoane, o instituto adopta este nome por considerar que o espírito de modernidade e compromiso social deste artista e escritor galego reflicte o que o instituto quere ser.

Procede dun desdoblamento, no ano 1987, do antigo Instituto Politécnico de Pontevedra, chamándose naquel primeiro momento Instituto de Formación Profesional de Monte Porreiro polos únicos estudos que ofrecía (rama administrativa de FP) e polo barrio no que está situado.

A. ENTORNO XEOGRÁFICO E SOCIOECONÓMICO

Monte Porreiro é unha urbanización recente, situada ao leste do núcleo urbano da cidade de Pontevedra (centro xeográfico e capital da Provincia e das Rías Baixas), da que dista 3km. Como datos máis relevantes da súa poboación debemos subliñar que esta é máis nova que a media do municipio, dentro da súa diversidade social, ten relevancia a presenza de habitantes procedentes doutros países e de etnia xitana.

O grupo ISEC (Índice Socioeconómico e Cultural no que se atopa o Centro) está catalogado de baixo.

B. SITUACIÓN CULTURAL

Os equipamentos cos que conta na actualidade son: un centro de Educación Infantil 0-3 (Galiña Azul), unha escola de Educación Infantil (EEI Fina Casalderrey), un centro de Educación Primaria (CEP Marcos da Portela), adscrito a este Instituto, o centro asociado da U.N.E.D. e un Centro Cultural, dentro do cal, hai espazo habilitado para unha Escola Taller. En canto a equipamentos deportivos, conta cun pavillón multiusos, un campo de herba sintética de fútbol-rugby e un campo privado de fútbol-sala. A urbanización tamén conta cun Centro de Saúde de atención primaria.

Ademais, debido á implicación veciñal, existen as seguintes asociacións preocupadas pola mellora do barrio en xeral: AA.VV. “El mirador”, Asociación Cultural “La mimosa”, Sociedade deportiva Monte Porreiro, un Club de tenis de mesa, Asociación Promoción Xitana e Cáritas Parroquial.

Non podemos esquecer que, dada a súa proximidade á cidade de Pontevedra, ten acceso a outras ofertas como: Museo de Pontevedra, Teatro Principal, Pazo de Congresos e Exposicións, Arquivo municipal, Biblioteca Pública, Conservatorio de música, etc.

2.2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO: OFERTA EDUCATIVA

No *IES Luís Seoane* impártense as seguintes Etapas do sistema educativo:

- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato LOMLOE nas modalidades de Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Xeral.
- Formación Profesional:
 - A.- Na familia de Administración e Xestión:
 - o Réxime ordinario:
 - CS de Administración e Finanzas.
 - CS de Asistencia á Dirección.
 - CM de Xestión Administrativa.
 - o Réxime adultos distancia:

- ZS de Administración e Finanzas.
 - ZM de Xestión Administrativa.
- B.- Na familia de Comercio e Marketing:
- Réxime ordinario:
 - CS Comercio Internacional.
 - CS Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.
 - CM Actividades Comerciais.
 - CB Servizos Comerciais.
 - Réxime adultos:
 - Modalidade presencial (FP Dual):
 - ZM de Comercialización de Produtos Alimentarios.
 - Modalidade distancia:
 - ZSCOM01 Transporte e loxística

ALUMNADO:

O alumnado de 1º de ESO procede, segundo a rede de centros, dos centros de Educación Primaria adscritos:

- O CEP Marcos da Portela, situado no barrio de Monte Porreiro que se caracteriza por un Índice Socioeconómico e Cultural catalogado de baixo. Este centro conta cun orientador e un xefe do departamento de orientación que forma parte do departamento de orientación do IES, tal e como se recolle na lexislación vixente.
- O CEIP Santo André de Xeve que conta cun xefe do departamento de orientación compartido co CEIP de Campolameiro que forma parte do departamento de orientación do instituto, tal e como se recolle na lexislación vixente.
- O CEIP Daría González García do que proceden tres alumnos e dúas alumnas. Este centro conta cunha orientadora propia. A meirande parte deste alumnado está en centro de día na Cidade Infantil Príncipe Felipe e caracterízase por presentar necesidades específicas de apoio educativo derivadas dunha gran problemática social, emocional, condutual e por presentar un baixo nivel de competencia curricular.

Temos que salientar que, ademais destes colexios, o alumnado procede dunha gran variedade de centros educativos da provincia e, mesmo, doutros países e comunidades (o curso pasado, escolarizáronse 6 alumnos/as procedentes do estranxeiro e dous deles tiñan descoñecemento das dúas linguas oficiais). Este alumnado é escolarizado directamente pola Comisión de Escolarización, conxuntamente co alumnado adscrito que non solicita a admisión e a matrícula en prazo. Este feito dificulta enormemente o labor organizativo e educativo do Centro, xa que nos pode chegar alumnado en calquera momento do curso escolar. Ademais, xeralmente, este tipo de alumnado presenta importantes necesidades específicas de apoio educativo que se suman ás que xa existen no Centro.

O centro conta cun Proxecto Educativo de Centro, un Plan de Orientación Académica e Profesional, un Plan de Acción Titorial, un Plan de Atención á Diversidade, un Plan de Acollda e atención ao alumnado estranxeiro, un Protocolo Antiacosos Escolar, un Plan de Igualdade e un Plan de Convivencia.

O noso IES, como centro onde se imparte a ESO, ten como sinal de identidade a atención á diversidade do alumnado, para lograr que este acade o maior nivel de

desenvolvemento das súas capacidades e logre as competencias básicas necesarias para acadar o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria. Neste senso, artéllanse medidas para atender á diversidade na aula, tanto dentro coma fóra dela, organizativas e curriculares, tanto para o alumnado que ten dificultades para acadar os obxectivos de nivel e de etapa, coma para os que necesitan unha ampliación da proposta curricular por presentar altas capacidades.

Cabe salientar que contamos cun elevado número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, este curso, despois de cursar a pertinente solicitude, concedéusenos unha segunda profesora especialista en PT.

AGRUPAMENTOS:

No IES Luís Seoane temos os seguintes grupos cos correspondentes titores/as:

- Tres grupos de 1º ESO.
- Catro grupos de 2º ESO.
- Catro grupos de 3º ESO.
- Catro grupos de 4º ESO.
- Dous grupos de 1º de Bacharelato.
- Dous grupos de 2º de Bacharelato.
- Un grupo de 1º de Ciclo Básico de Servizos Comerciais.
- Un grupo de 2º de Ciclo Básico de Servizos Comerciais.
- Un grupo de 1º de Ciclo Medio de Actividades Comerciais.
- Un grupo de 2º de Ciclo Medio de Actividades Comerciais.
- Un grupo de 1º de Ciclo Superior de Comercio Internacional.
- Un grupo de 2º de Ciclo Superior de Comercio Internacional.
- Un grupo de 1º de Ciclo Superior de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.
- Un grupo de 2º de Ciclo Superior de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.
- Un grupo de 1º de Ciclo Medio de Xestión Administrativa.
- Un grupo de 2º de Ciclo Medio de Xestión Administrativa.
- Un grupo de 1º de Ciclo Superior de Administración e Finanzas.
- Un grupo de 2º de Ciclo Superior de Administración e Finanzas.
- Un grupo de 1º de Ciclo Superior de Asistencia á Dirección.
- Un grupo de 2º de Ciclo Superior de Asistencia á Dirección.
- Un grupo de 1º FP dual: ZM de Comercialización de Produtos Alimentarios.
- Un grupo de 2º FP dual: ZM de Comercialización de Produtos Alimentarios.
- Réxime de Adultos. Modalidade a distancia:
 - o Ciclo Medio de Xestión Administrativa.
 - o Ciclo Superior de Administración e Finanzas.
 - o Ciclo Superior de Transporte e Ixística

2.3.- CENTROS QUE ABRANGUE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A rede de orientación no *IES Luís Seoane* acolle a dous Centros Adscritos, o *CEP Marcos da Portela* e o *CEIP Santo André de Xeve*, e a un Centro con adscrición compartida co *CEIP Daría González García* (adscrito, tamén, ao *IES Frei Martín Sarmiento*) que contan con Departamentos de Orientación propios polo que a nosa responsabilidade para con eles centrase na coordinación e colaboración permanente ao longo do curso tentando acadar xuntos os obxectivos fixados.

3. - ANÁLISE DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

Unha vez realizada a análise das características do Centro e do seu entorno e das conclusións e propostas concretas de mellora recollidas da Memoria Anual do curso 2022-23, as necesidades máis importantes que se detectaron foron:

3.1.- RELATIVAS AO CENTRO:

- Necesidade de asesoramento na actualización dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- Necesidade de poñer en marcha e revisar todas as medidas recollidas no Plan de Convivencia.
- Necesidade de seguir levando a cabo a Mediación Escolar entre iguais no Centro e de darlle máis relevancia ao Equipo de Mediación Escolar.
- Necesidade de fomentar a Igualdade de Xénero no Centro.
- Necesidade de seguir aplicando o Plan Antiacoso do Centro.
- Necesidade de coordinar as distintas etapas educativas entre si.

3.2.- RELATIVAS AO ALUMNADO:

- Necesidade de identificar e valorar as necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos/as e de deseñar as medidas de atención á diversidade oportunas para darlles resposta.
- Necesidade do pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado.
- Necesidade de levar a cabo unha orientación educativa e profesional co alumnado, tanto no relativo á elección de optativas e na elección de estudos posteriores coma na súa posible integración no mundo laboral.
- Necesidade de informar e asesorar sobre as distintas convocatorias de becas: Becas xerais do MEC, Becas do MEC para alumnado con necesidade específica de apoio educativo, Becas da fundación Amancio Ortega...
- Necesidade de desenvolver actividades relativas á convivencia. En especial, seguir levando a cabo a Mediación Escolar.
- Necesidade de deseñar e coordinar a posta en marcha das actividades recollidas no PAT.
- Necesidade de deseñar e coordinar actuacións encamiñadas a previr o Acoso Escolar.
- Necesidade de deseñar e coordinar actuacións encamiñadas ao fomento da Igualdade e a prevención de violencias machistas.
- Necesidade de deseñar e coordinar actuacións encamiñadas a previr o Absentismo Escolar.
- Necesidade do alumnado con NEAE de recursos e apoio específicos para acceder ao currículo.
- Necesidade de todo o alumnado de autorregular a súa aprendizaxe e manter un bo estado emocional.
- Necesidade de todo o alumnado dunha orientación académica e profesional, especialmente para o alumnado de 4º de ESO, 2º de FP Básica, 2º de Bacharelato e 2º de FP de grao medio e superior.
- Necesidade de recibir unha acollida cando se incorpora o alumnado ao centro por primeira vez para facilitar o tránsito dunha etapa a outra.

3.3.- RELATIVAS ÁS FAMILIAS:

- Necesidade dunha maior implicación dalgunha familia no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Necesidade de facilitar información sobre os cambios que están tendo lugar no sistema educativo.
- Necesidade de proporcionar información e asesoramento nos distintos cambios de etapa educativa dos seus fillos: Proporcionar información sobre os itinerarios educativos, sobre as distintas opcións de estudos posteriores así como da posible integración no mundo laboral dos seus fillos.
- Necesidade de desenvolver actividades relativas á convivencia.
- Necesidade de deseñar e coordinar actuacións encamiñadas a prever o Absentismo Escolar.
- Necesidade de informar e asesorar sobre as distintas convocatorias de becas: Becas xerais do MEC, Becas do MEC para alumnado con necesidade específica de apoio educativo, Becas da fundación Amancio Ortega...
- Necesidade das familias, do alumnado en xeral e do alumnado con NEAE en particular, de resolver dúbidas, de forma presencial e non presencial, e de recibir orientacións e apoio emocional.

3.4.- RELATIVAS AO PROFESORADO:

- Necesidade de dinamizar a función titorial.
- Necesidade de formación específica sobre a intervención co alumnado con discapacidade visual, auditiva,...
- Necesidade do profesorado de ter orientacións e pautas para levar a cabo a prevención, detección e intervención co alumnado con NEAE.
- Necesidade de asesoramento sobre o establecemento de medidas de atención á diversidade para dar resposta as necesidades do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Necesidade dos titores de ter pautas para levar a cabo a coordinación e seguimento das medidas de atención á diversidade dos seus titorandos.
- Necesidade de colaboración no relativo á orientación académica e profesional.
- Necesidade de colaborar co profesorado de Pedagogía Terapéutica na atención do alumnado con Necesidades Educativas Especiais.
- Necesidade de asesorar na posta en marcha de actividades relativas á convivencia.
- Necesidade de asesorar e coordinar actuacións encamiñadas a prever o Acoso Escolar.
- Necesidade de asesorar e coordinar actuacións encamiñadas ao fomento da Igualdade e a prevención de violencias machistas.
- Necesidade de asesorar e coordinar actuacións encamiñadas a prever o Absentismo Escolar.

3.5.- RELATIVAS AOS CENTROS ADSCRITOS

- Necesidade de levar a cabo as actuacións, recollidas no plan de acollida, dirixidas ao alumnado de 6º curso de Educación Primaria.
- Necesidade de coordinación entre os Departamentos de Orientación de ambos centros.

- Necesidade de colaboración no traslado de información sobre o alumnado de 6º de E. Primaria que se vai a incorporar á ESO a través da elaboración dos Informes de Tránsito.
- Necesidade de coordinar os Plans de Convivencia de ambos centros.

4.- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Na Orde do 24 de Xullo de 1998 indícase que “ *os departamentos de orientación han de constituír dentro de cada centro o garante de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ao profesorado, alumnado e ás familias.*”

Sendo así, consideramos necesario que o Departamento de Orientación (DO) sexa un elemento aberto e integrador no Centro e na comunidade educativa. As súas intervencións deberán estar plenamente integradas no proceso educativo xeral e no marco curricular e o seu labor non deberá ser illado nin paralelo.

Celebrarase unha reunión semanal á que asistirán os membros do Departamento, os xoves de 16:30h a 17:30h. Nestas reunións, realizarase un seguimento continuo do Plan de Orientación, unificando criterios e actuacións e priorizando a análise de necesidades e propostas de mellora que vaian xurdindo ao longo do actual curso académico.

4.1.- CONFIGURACIÓN

Segundo o establecido no artigo 3 do Decreto 120/98, o Departamento de Orientación deste IES estará composto polos seguintes membros:

| | |
|--|----------------------------------|
| Titira Ámbito socio - lingüístico: | MARÍA DEL CARMEN SILVA RODRÍGUEZ |
| Titira Ámbito científico - tecnolóxico: | PABLO FERNÁNDEZ POMBAR |
| Profesora de FOL: | ELENA IRAVEDRA DÍAZ |
| Mestra de pedagogía terapéutica: | Mª DEL PILAR LÓPEZ LAGO |
| Mestra de pedagogía terapéutica: | ALBA LAGO VILASÓ |
| Xefa do Dpto de Orientación do centro adscrito CEP Marcos da Portela: | ROBERTO COUSIDO MARTÍNEZ |
| Xefe do Dpto de Orientación do centro adscrito CEIP Santo André de Xeve: | ROBERTO MAQUIEIRA GARCÍA |
| Orientadora do IES Luís Seoane: | ANA BERDEAL FERNÁNDEZ |
| Xefa do Departamento de Orientación do IES Luís Seoane: | Mª DEL PILAR CRESPO BOULLOSA |

4.2.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.

No cumprimento das funcións que o Departamento de Orientación ten encomendadas elabórase o Plan de actividades do mesmo, en torno aos seguintes subprogramas claramente interrelacionados:

- Programa de Orientación Académica e Profesional.
- Plan de Apoio ao Ensino-Aprendizaxe
- Plan de Acción Titorial
- Plan de Atención á Diversidade.
- Plan de Convivencia.
- Plan de Acollida.
- Plan Antiacoso.

As accións a desenvolver nestes ámbitos dirixiranse a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias...) e a todos os ciclos e niveis educativos que se imparten no Centro.

4.3.- FUNCIONES

A Orde do 24 de Xullo de 1998, establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta Orde establece no seu artigo 5º as **funcións** que desenvolverá o **Departamento de orientación**:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e do seu entorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Elaborar, coordinar e avaliar o Plan de Acción Titorial e o Plan de Orientación Académico-Profesional, facilitando ao profesorado asesoramento e soporte material para o adecuado desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Desenvolver accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenrolo ou aprendizaxe.
- Facilitar ao alumnado e ás familias o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares mais decisivos ou de maior dificultade (ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa, elección de optativas, itinerarios formativos, transición á vida profesional...).
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenrolo de posibles medidas de atención á diversidade que se poidan implantar no centro.
- Establecer canles e medidas que favorezan a implicación e cooperación das familias co centro educativo.
- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- Cooperar cos membros dos equipos específicos no deseño, desenrolo e avaliación dos programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, etc.

- Establecer canles de comunicación cos diferentes servicios e institucións no ámbito das súas competencias.

Dentro deste conxunto de tarefas, serán competencia da **Xefa do Departamento de Orientación** as que se recollen a continuación:

- Representar ao departamento de orientación na CCP.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros.
- Responsabilizarse da redacción do plan anual de departamento e velar polo seu cumprimento, así como da elaboración e redacción da memoria final de curso.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e equipamento específico, velando polo seu correcto e conservación.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do centro así como coordinar o deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade pertinentes, realizando o correspondente informe psicopedagóxico.
- Coordinar as accións do profesorado de apoio.
- Participar nas sesións de avaliación.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

Serán competencia do **Profesorado de FOL** as que se recollen a continuación:

O profesor de formación e orientación laboral desenvolverá, ademais das funcións que lle competen como membro do departamento de orientación, as seguintes:

- Informar o alumnado sobre o marco legal de traballo e das relacións laborais.
- Orientar sobre formas e procedementos de inserción profesional.
- Dar a coñecer os recursos profesionais e laborais existentes.
- Diseñar actividades ou programas para que o alumnado poida elabora-lo seu propio itinerario profesional de busca de emprego, facéndoo consciente da necesidade de formación permanente.
- Potenciar estratexias encamiñadas á consecución, se é o caso, dunha reorientación profesional axustada ás demandas do mundo laboral.
- Colaborar cos titores responsables da formación en centros de traballo na elaboración de programas para a realización de actividades formativo-productivas en centros de traballo.
- Promover que o alumnado que accede a un ciclo de FP Básica interveña activamente no seu proceso de aprendizaxe e no deseño da súa traxectoria persoal e laboral.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

Finalmente, será competencia das **Mestras de Apoio** ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

- Asistir ás reunións da CCP.
- Participar na avaliación inicial do alumnado así como naquelas outras avaliacións que valoren ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE).
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación dos Reforzos Educativos e Adaptacións Curriculares Significativas e, se é o caso, daquelas outras medidas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con NEAE.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.

5.- OBXECTIVOS:

Os obxectivos do POAT son os seguintes:

- Contribuír á consecución das competencias básicas establecidas na LOE/LOMLOE.
- Asegurar a continuidade educativa a través da coordinación das distintas áreas, ciclos, e etapas educativas do Centro.
- Colaborar cos departamentos didácticos na detección e prevención de dificultades de aprendizaxe, coordinando e asesorando sobre o establecemento de medidas educativas a tomar, especialmente, as de atención á diversidade.
- Desenvolver e coordinar actuacións de formación específica para o profesorado sobre a intervención co alumnado con discapacidade visual, auditiva,...
- Asesorar sobre o establecemento de medidas de atención á diversidade para dar resposta as necesidades do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Colaborar co profesorado de Pedagogía Terapéutica na atención do alumnado con Necesidades Educativas Especiais.
- Efectuar o seguimento individualizado do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado contribuíndo á mellora do rendemento académico e evitar o abandono e o fracaso escolar.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e da progresiva toma de decisións escolares e profesionais.
- Fomentar a integración e a participación do alumnado na dinámica do Centro favorecendo actitudes de respecto, colaboración e tolerancia, así como o cumprimento de normas básicas de convivencia.
- Contribuír á formación integral do alumnado en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres.
- Coordinar as actividades titoriais asegurando a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións dos docentes do grupo.
- Favorecer a formación dos titores para que poidan desempeñar as súas funcións, adaptándose ás características do grupo.
- Potenciar a acción titorial para unha completa educación integral do alumno/a.

- Favorecer e mellorar a convivencia no grupo, o desenvolvemento persoal e a integración e participación do alumnado na vida do centro.
- Fomentar a adquisición de principios democráticos de convivencia, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos/as, tanto dende o punto de vista persoal como grupalmente.
- Fomentar a integración do novo alumnado no grupo-clase e no centro.
- Detectar e intervir en situacións de absentismo escolar.
- Detectar e intervir en situacións de acoso escolar.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas, contribuíndo así a formación dunha sociedade para a convivencia democrática.
- Asegurar unha actuación coordinada entre o Departamento de Orientación do IES e dos CEIPs adscritos.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os integrantes da comunidade educativa (profesorado-alumnado-familia), así como entre a comunidade educativa e o entorno social.
- Contribuír á innovación e á mellora da calidade do ensino.
- Velar polo cumprimento do establecido no Plan de Acollida, para o alumnado en xeral e o alumnado procedente do estranxeiro en particular.
- Velar polo cumprimento do establecido no Plan de Atención á Diversidade.
- Dinamizar a Convivencia no Centro.
- Contribuír á posta en marcha de todas as medidas recollidas no Plan de Convivencia.
- Planificar actividades informativas e de orientación para coidar o transito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización axustadas aos diferentes escenarios.
- Asesorar e colaborar na actualización do Proxecto Educativo de Centro.

6.- CONTRIBUCIÓN DESDE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

As competencias clave estarán implícitas no traballo diario co alumnado:

A.- COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL):

- Utilización e tratamento de diversas fontes, sobre todo orais, escritas e audiovisuais, como procedemento básico nos procesos de orientación e autoorientación.
- Distinción da información relevante da que non o é, así como a valoración crítica da información presentada polos medios de comunicación sobre un mesmo feito.
- Identificación dos elementos que interveñen nas mensaxes publicitarias e valoración crítica das mensaxes que pretenden transmitir.
- Busca, análise e síntese da información escrita, así como argumentar, expoñer e defender os propios puntos de vista sobre un feito ou situación.
- Desenvolvemento de programas de mellora da comunicación lingüística en situacións da vida cotiá.

B.- COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT):

- Presentación e uso da información relativa á realidade social e profesional en termos matemáticos -estadísticas, fórmulas, gráficos e cadros, táboas, datos porcentuais, etc,...- tanto para interpretar a realidade como para aportar argumentos propios sobre os feitos sociais.
- Concepción das matemáticas como construción colectiva, ligada a esixencias sociais, que promoveron transformacións sociais profundas. Desenvolvemento de programas de mellora para o razoamento matemático aplicable á resolución de situacións da vida cotiá.
- Valoración crítica da aplicación dos avances matemáticos e científicos na realidade social e profesional.

C.- COMPETENCIA DIXITAL (CD):

- Valoración crítica do uso das TIC para a satisfacción das necesidades humanas. Influencia nos fenómenos sociais e na orientación persoal.
- As TIC como oportunidade de acercamento interpersoal e social.
- Análise das TIC como instrumento para a inclusión social entre diversos grupos sociais.
- Uso igualitario e non discriminatorio das TIC no mundo actual.
- Uso e tratamento de diversas fontes a través da competencia dixital.
- Desenvolvemento da capacidade de selección, relación, identificación, comprensión e resolución de problemas relativos ao tratamento da información.
- Valoración de normas éticas no uso e disfrute das TIC.
- Estimulación da construción solidaria e colectiva do coñecemento a través das TIC.

D.- COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA):

- Desenvolvemento da capacidade de buscar, seleccionar, interpretar, analizar, organizar e almacenar información. Utilización crítica de distintas fontes de información.
- Desenvolvemento do pensamento crítico e a reflexión individual.
- Desenvolvemento da capacidade de reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe para mellorar os procedementos máis adecuados.
- Desenvolvemento de proxectos e actividades de investigación en torno a problemas de índole social e ético, reais ou hipotéticas.
- Estimulación da elaboración de conclusións e valoracións persoais argumentadas, favorecendo unha aprendizaxe cada vez máis autónoma.
- Desenvolvemento da conciencia sobre as propias capacidades e das relacións entre intelixencia, emocións e sentimentos.

E.- COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC):

- Desenvolvemento do coñecemento de si mesmo e da capacidade de establecer relacións construtivas, non agresivas, cos demais.
- Desenvolvemento das habilidades sociais, impulso do traballo en equipo e uso sistemático da argumentación na análise e valoración crítica de problemas e feitos sociais.

- Desenvolvemento do coñecemento e da participación responsable na vida social, resolvendo de maneira non violenta e construtiva os problemas.
- Desenvolvemento do diálogo, o debate e a argumentación para chegar a acordos para afrontar problemas de relación social e de convivencia.
- Desenvolvemento da asunción de responsabilidades compartidas.
- Desenvolvemento da autonomía moral na análise e valoración dos fenómenos e problemas sociais.
- Desenvolvemento da toma de decisións na relación social.
- Concepción da cidadanía como dimensión pública da persoa provista de dereitos e deberes.
- Coñecemento e respecto dos valores cívicos, da democracia e dos dereitos humanos: liberdade, igualdade e participación, dignidade, solidariedade, non discriminación, respecto dos dereitos dos demais, responsabilidade e cumprimento de deberes, cohesión social, solidariedade e xustiza social.
- Valoración e uso dos canles de participación democrática para a resolución dos problemas sociais.
- Respetto e valoración da diversidade social e cultural como enriquecemento dos pobos.

F.- COMPETENCIA SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR (CSIEE):

- Desenvolvemento e participación de proxectos de carácter social, tanto persoais como colectivos.
- Desenvolvemento do pensamento creativo e da reflexión persoal.
- Desenvolvemento de iniciativas de planificación, negociación, acordo, toma de decisións, asunción de responsabilidades en contextos diversos: familia, escola e entorno socio-natural.
- Desenvolvemento da educación emocional, a asunción de responsabilidades e de riscos ante o éxito e o fracaso.
- Estimulación da autonomía intelectual e moral, buscando o compromiso persoal a través do deseño e participación en proxectos persoais e colectivos.
- Coñecemento dos perfiles profesionais e condicións laborais.

G.- CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL (CCEC):

- Valoración das manifestacións culturais e artísticas como expresión de valores sociais compartidos.
- Concepción da cultura popular como base da identidade, da autoestima e da satisfacción dos individuos e os pobos.
- Valoración e desenvolvemento da liberdade de expresión, a tolerancia e o acercamento entre as culturas.
- Coñecemento e valoración do feito artístico e respecto ao patrimonio cultural propio, e alleo, a través do desenvolvemento de habilidades perceptivas, comprensión e análise.
- Concepción do arte como lingua universal, sen fronteiras, e instrumento idóneo para aceptar e integrar outras visións da realidade social, favorecendo a convivencia enriquecedora de persoas culturas diferente.

7.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:

As actuacións e accións prioritarias deste Plan estruturarase ao redor dos seguintes ámbitos:

- Plan de Atención á diversidade.
- Plan de Acollida.
- Apoio ao Proceso de Ensinanza-Aprendizaxe.
- Plan de Acción Titorial.
- Plan de Orientación Académico e Profesional.
- Plan de Convivencia.
- Colaboración cos servizos de Orientación:
 - o Equipos de Orientación Específicos.
 - o drdorienta.

Estes plans iranse concretando e desenvolvendo ao longo do curso académico.

Para a consecución dos obxectivos establecidos en cada un dos distintos plans implicarase a toda a comunidade educativa e estableceranse canles de comunicación con outras institucións coa finalidade de facilitar a consecución dos obxectivos previstos (EOE; Concello: Traballadoras Sociais, Educadora Social, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, Fundación Secretariado Xitano, Fundación Meniños, Técnico de Saúde, Animadora Sociocultural; Servizo de Familia e Menores; Psicólogos e Educadores de Príncipe Felipe; SEPE; Consello da Xuventude; Departamentos de Orientación dos distintos Centros de procedencia do alumnado (CEP Marcos da Portela, CEIP Santo André de Xeve, CEIP Daría González García...); outros Institutos de FP; USC; UDV; UDC...).

7.1.- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

O noso IES ten como sinal de identidade a atención á diversidade do alumnado, para lograr que este acade o maior nivel de desenvolvemento das súas capacidades e logre as competencias básicas necesarias para acadar os respectivos títulos. Neste senso, artéllanse medidas para atender á diversidade na aula, tanto dentro coma fóra dela, organizativas e curriculares, tanto para o alumnado que ten dificultades para acadar os obxectivos de nivel e de etapa, coma para os que necesitan unha ampliación da proposta curricular.

No curso 2015/16 aprobouse un Plan Xeral de Atención á Diversidade que foi elaborado polo Departamento de Orientación.

Este pasado curso, foi aprobada unha revisión deste Plan. A continuación, facemos unha pequena recensión e concreción do mesmo:

7.1.1. OBXECTIVOS

- Servir de referente para que o centro poida concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado en función dos recursos dispoñibles.
- Adecuar o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado.
- Diseñar respostas educativas axeitadas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Optimizar o uso dos recursos existentes no centro de cara á atención á diversidade.
- Establecer criterios pedagóxicos para a adopción de decisións respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prever e detectar, de xeito temperá, as dificultades de aprendizaxe dos nosos alumnos e alumnas, mediante medidas de coordinación e actuación necesarias que faciliten orientacións metodolóxicas, criterios e procedementos de avaliación e estratexias para o seguimento do proceso de ensino e aprendizaxe. Asumimos que a prevención evita a aparición de problemas que máis adiante necesitarían unha solución máis complexa.
- Aplicar o establecido nos Protocolos publicados pola Xunta de Galicia, relacionados coa Atención á Diversidade.
- Aplicar o establecido na “Orientación e respostas educativas: Alumnado con discapacidade visual”.
- Establecer un marco xeral de traballo que permita ao profesorado:
 - Pór en marcha medidas ordinarias de atención á diversidade.
 - Aplicar medidas extraordinarias de atención á diversidade para aquel alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo. Estas medidas deben ser consideradas como último recurso, despois de esgotar as posibilidades das medidas ordinarias.
- Fomentar a implicación de todos os sectores da comunidade educativa: alumnado (titoría entre iguais, mediación,...), persoal docente, persoal non docente e familias.
- Impulsar a colaboración con outras institucións e asociacións.
- Facer posible unha transición harmónica entre etapas posibilitando unha maior coordinación entre centros, especialmente cos centros adscritos.
- Planificar actividades informativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización axustadas aos diferentes escenarios
- Identificar as necesidades e adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais do alumnado.
- Concibir a avaliación psicopedagóxica como un recurso orientado a mellorar a calidade da educación en equidade, mediante a súa contribución á detección de dificultades de aprendizaxe ou de altas capacidades e a posta en marcha das medidas de atención á diversidade correspondentes.
- Promover a adopción de medidas que favorezan a acollida e a inserción do alumnado inmigrante e daquel que se atope nunha situación de risco de abandono escolar.
- Establecer un programa de prevención do absentismo escolar.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

- Fomentar a participación e coordinación dos equipos docentes na adopción e desenvolvemento das medidas.
- Identificar, a través dunha avaliación interna, a eficacia da atención á diversidade ao finalizar cada curso escolar e aqueles aspectos que precisan mellorar.
- Establecer as medidas e programas necesarios para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.

7.1.2. ESTRATEXIAS

- Realización de Avaliacións Psicopedagóxicas.
- Reunións a principio de curso para realizar a Avaliación Inicial. Na primeira quincena quedarán detectadas as necesidades e organizadas as medidas de atención á diversidade que se precisan.
- Atención individualizada a aqueles alumnos/as que non responden ao reforzo educativo dentro da aula.
- Poñer en marcha accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.
- Realizar os ditames de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por encontrarse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais económicos ou culturais.
- Centralizar todo tipo de información sobre o ACNEAE no programa Xade.
- Rexistrar as necesidades específicas de apoio educativo que repercutan tanto no ámbito académico coma no condutual.
- Establecer e coordinar a aplicación de medidas de atención á diversidade.
- Realizar propostas de solicitude de Exención de Francés para incorporar ao alumnado nun Programa de Reforzo.
- Efectuar propostas de incorporación do alumnado á FP Básica e aos Programas de Diversificación Curricular e elaborar toda a documentación necesaria para a efectiva incorporación a esas ensinanzas.
- Propoñer a incorporación de alumnado aos Contratos Programas.
- Elaboración de demandas ao Equipo de Orientación Específico.
- Levar a cabo reunións semanais cos integrantes do departamento de orientación, os martes de 18:30h a 19:20h. Nestas reunións, realizarase un seguimento continuo do Plan de Orientación, unificando criterios e actuacións e priorizando a análise de necesidades e propostas de mellora que vaian xurdindo ao longo do actual curso académico.

7.1.3. ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO NO CURSO 2023-2024:

No IES Luís Seoane, debido ás características do entorno socioeconómico do alumnado que recolle, contamos cun elevado número de alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo que a continuación detallamos. Este número pode verse incrementado a medida que se vaian levando a cabo as distintas avaliacións do curso, dado que neses momentos revísanse as Necesidades Específicas de Apoio Educativo que presenta o alumnado e as medidas de atención á diversidade que se van a aplicar durante o curso 2023/24.

Temos que ter en conta, tamén, que a comisión de escolarización vainos seguir adxudicando novo alumnado que pode ser susceptible de requirir medidas de atención á diversidade; por exemplo, alumnado que vai chegando durante o curso á Cidade Infantil Príncipe Felipe (sometido a medidas de protección e tutela pola Xunta de Galicia), alumnado procedente do estranxeiro (a meirande parte de Marrocos)...

Alumnado con NEAE curso 2023/24:

- ESO= 117 (1º ESO= 28, 2º ESO= 38, 3º ESO= 33, 4º ESO= 18)
- BACHARELATO= 11
- FP BÁSICA= 29
- CICLOS MEDIOS= 6
- CICLOS SUPERIORES= 4
- CICLOS MEDIOS ADULTOS DISTANCIA= 8
- CICLOS SUPERIORES ADULTOS DISTANCIA = 2

- o NEE (con discapacidade, TEA, trastorno de conduta): (37)
 - ESO= 14 (1º ESO= 5, 2º ESO= 3, 3º ESO= 5, 4º ESO= 1)
 - BACHARELATO= 3 (1º BACH= 1, 2º BACH=2)
 - FP BÁSICA= 3 (1º FPB= 1, 2º FP BÁSICA= 2)
 - CICLO MEDIO= 2 (1º CM= 1; 2ºCM: 1)
 - CICLOS SUPERIORES= 5 (1º CS= 3; 2ºCS: 2)
 - CICLO MEDIO ADULTOS DISTANCIA= 8
 - CICLO SUPERIOR ADULTOS DISTANCIA= 2

- o ALTAS CAPACIDADES: (3)
 - ESO= 2 (3º ESO= 1, 4º ESO= 1)
 - BACHARELATO= 1 (1º BACH= 1)

- o TRASTORNO ESPECÍFICO DA LINGUAXE: (3)
 - ESO= 3(1º ESO= 1, 2º ESO= 1, 3º ESO= 1)

- o TRASTORNO ESPECÍFICO DA APRENDIZAXE: (63)
 - ESO= 36 (1º ESO= 8, 2º ESO= 13, 3º ESO= 10, 4º ESO= 5)
 - BACH= 3 (1º BACH= 2, 1º BACH= 1)
 - FP BÁSICA= 24 (1º FPB= 14, 2º FPB= 10)

- o OUTRAS CONDICIÓNS ESPECIAIS (ambientes desfavorecidos ou marxinais): (28)
 - ESO= 24 (1º ESO= 5, 2º ESO= 6, 3º ESO= 7, 4º ESO= 5)
 - BACH= 2 (2º BACH= 2)
 - CICLO MEDIO= 2 (2ºCM: 2)

- o OUTRAS CONDICIÓNS ESPECIAIS (minorías étnicas): (12)
 - ESO= 9 (1º ESO= 5, 2º ESO= 2, 3º ESO= 1, 4º ESO= 1)
 - FP BÁSICA= 2 (2º FPB = 2)
 - CICLO MEDIO= 1 (2ºCM: 1)

- o TDAH: (27)
 - ESO= 24 (1º ESO= 4, 2º ESO= 9, 3º ESO= 7, 4º ESO= 4)

- BACH= 2 (1º BACH= 1, 2º BACH = 1)
- CICLO MEDIO= 1 (1º CM= 1)
- CONDUCTA: (5) (xa contabilizados anteriormente)
 - ESO= 5 (1º ESO= 4, 3º ESO= 1)
- INCORPORACIÓN TARDÍA: (5)
 - ESO= 5 (2º ESO= 4, 3º ESO= 1)

7.1.4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PREVISTAS PARA O CURSO 2023-2024:

MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescristivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

| MEDIDAS ORDINARIAS (O), curso 2023-24 |
|--|
| a) Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado. |
| b) Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. |
| c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. |
| d) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación. |
| e) Aulas de atención educativa e convivencia. |
| f) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. |
| g) Programas de enriquecemento curricular. |
| h) Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. |
| i) Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. |
| j) Programas de habilidades e competencias sociais. |

- Alumnado con EXENCIÓN DE FRANCÉS (Programa de Reforzo de Linguas):
 - ESO=44 (1ºA ESO=6; 1ºB ESO=6; 1ºC ESO=7; 2ºA ESO=7; 2ºB ESO=6; 2ºC ESO=6; 2ºD ESO=6)

- Alumnado de 3º PDC: 9
- Alumnado de 4º PDC: 10
- Alumnado de CICLO BÁSICO-1º de Servizos Comerciais: 15.
- Alumnado de CICLO BÁSICO-2º de Servizos Comerciais: 14.
- Alumnado Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe: 63
 - ESO= 36 (1º ESO= 8, 2º ESO= 13, 3º ESO= 10, 4º ESO= 5)
 - BACH= 3 (1º BACH= 2, 1º BACH= 1)
 - FP BÁSICA= 24 (1º FPB= 14, 2º FPB= 10)
- Alumnado Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA): 10
 - ESO= 5 (2º ESO= 2, 3º ESO= 3)
 - BACH= 1 (2º BACH=1)
 - CICLO BÁSICO= 1 (1º CB= 1)
 - CICLO MEDIO= 1 (2º CM= 1)
 - CICLO SUPERIOR= 2 (1º CS= 1, 2º CS= 1)
- Alumnado Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario: 28
 - ESO= 24 (1º ESO= 4, 2º ESO= 9, 3º ESO= 7, 4º ESO= 4)
 - CICLO BÁSICO= 1 (2º CB= 1)
 - BACH= 2 (1º BACH= 1, 2º BACH = 1)
 - CICLO MEDIO= 1 (1º CM= 1)
- Alumnado Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva:
 - ESO= 1 (3º ESO= 1)
- Alumnado Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo:
 - ESO= 3 (3º ESO= 2, 4º ESO= 1)
- Alumnado Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais: 3
 - ESO= 2 (3º ESO= 1, 4º ESO= 1)
 - BACHARELATO= 1 (1º BACH= 1)
- Alumnado Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero:
 - ESO= 2 (2º ESO= 2)
- Alumnado Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo:
 - ESO= 2 (2º ESO= 1, 4º ESO= 1)
 - BACH= 2 (2º BACH = 2)
- Orientación e respostas educativas: Alumnado con discapacidade visual: 3
 - ESO= 1 (2º ESO= 1)
 - CICLO SUPERIOR= 2 (1º CS= 1, 1º CS= 1)

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

| |
|--|
| MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (Ex), curso 2023-24 |
| a) Adaptacións curriculares. |
| c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica. |
| f) Programas de diversificación curricular |
| g) Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente. |
| i) Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela. |
| j) Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar. |
| l) Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro. |
| ll) Grupos de adquisición das linguas. |
| m) Grupos de adaptación da competencia curricular. |
| n) Flexibilización Modular en Ciclos Formativos de FP. |

- Alumnado con ACS:
 - o ESO=9 (1ºA ESO=1; 1ºB ESO=1; 1ºC ESO=1; 2ºA ESO=2, 2ºB ESO=1, 2ºC ESO=1, 2ºD ESO=2)
- Alumnado de Apoio PT:
 - o ESO=23 (1ºA ESO=3; 1ºB ESO=3; 1ºC ESO=3; 2ºA ESO=3; 2ºB ESO=1; 2ºC ESO=3; 2ºD ESO=3; 3ºC ESO=2; 3ºD ESO=2)
- Programa de Diversificación Curricular 3º ESO=9
- Programa de Diversificación Curricular 4º ESO=10
- Alumnado Atención Educativa Domiciliaria=2, en principio.

7.1.5. RECURSOS

Materiais:

- Badyg-M
- CUMANIN
- PROLEC-SE

- PROLEXIA
- Matrices Progresivas de Raven,
- Proba de hábitos de estudio (IHE)
- Proba de personalidade HSPQ, ou 16 PF
- Proba de comprensión lectora CLT
- Proba do TDA-H e I.E.G de Albor-Cohs
- Material para a concentración e a reflexividade.
- D.N: CAS
- WISC-IV
- WISC-V
- K.BIT

Recursos humanos:

- Dúas orientadoras.
- Dúas profesoras especialistas de Pedagogía Terapéutica.
- Os restantes membros do Departamento de Orientación:
 - o Unha profesora titora de 3ºESO PDC do ámbito ámbito socio-lingüístico.
 - o Un profesor titor de 2º ESO A do ámbito científico-tecnolóxico
 - o Tres profesoras de FOL.
 - o O Xefe do departamento de orientación do CEP Marcos da Portela.
 - o O Xefe do departamento do CEIP Santo André de Xeve.

Recursos Telemáticos:

- Correo electrónico: orientación.ies.luis.seoane@gmail.com
- DRIVE de orientación.ies.luis.seoane@gmail.com
- Vídeoconferencias a través de Cisco Webex.
- Chamadas telefónicas.
- El Orienta Line.
- Blog de Orientación do IES Luís Seoane.
- Aula virtual do IES Luís Seoane.

7.2.- PLAN DE ACOLLIDA:

7.2.1.-OBXECTIVOS:

OBXECTIVOS XERAIS:

- Facer posible unha transición harmónica entre etapas posibilitando unha maior coordinación entre centros, especialmente cos centros adscritos.
- Planificar actividades informativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización axustadas aos diferentes escenarios
- Efectuar a acollida e integración do alumnado que se matricule por primeira vez no IES Luís Seoane.
- Efectuar a acollida do profesorado que acaba de ser destinado ao IES Luís Seoane.
- Efectuar a acollida do persoal de administración e servizos que acaba de ser destinado ao IES Luís Seoane.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Favorecer a inclusión dos novos alumnos/as no Instituto.
- Favorecer a inclusión do alumnado procedente do estranxeiro no Instituto.
- Favorecer a integración do profesorado e do persoal de administración e servizos que chega ao Centro.
- Facilitar o proceso de acollida e integración para previr situacións de inadaptación, ansiedade, illamento, baixo rendemento escolar e absentismo.
- Establecer unha primeira e axeitada comunicación entre os centros e as familias.
- Orientar ás familias sobre aqueles aspectos que permitan a adaptación dos seus fillos/as a nova etapa educativa. Orientalos acerca da educación secundaria, o bacharelato, a organización do centro, etc.
- Orientar o profesorado a través dun intercambio de datos, documentación e información de interese para mellorar a súa resposta educativa ao alumnado.
- Promover a coordinación entre os centros de primaria e o instituto.
- Adoptar as medidas oportunas de atención a diversidade tanto ordinarias coma extraordinarias.
- Coordinar as actuacións a levar a cabo nun primeiro momento da incorporación do alumnado.
- Mellorar a convivencia no centro.
- Fomentar a interculturalidade en toda a Comunidade educativa.
- Facilitar os trámites de matriculación.
- Facilitar información sobre os servizos de transporte.
- Contribuír a un rápido coñecemento das instalacións do centro que permita que o alumnado se desprace polo mesmo con facilidade e autonomía.
- Establecer na clase un clima que faga máis agradables os primeiros momentos e que favoreza a interrelación entre o novo alumnado e os seus compañeiros.
- Mellorar a responsabilidade, a capacidade de empatía e o compañeirismo entre o alumnado.

- Contribuír a que as familias inmigrantes se sintan acollidas e a que perciban o instituto como un lugar onde se lles facilite a súa integración, sexan valoradas, se lles dea importancia e protagonismo á súa cultura e se lles ofrezan canles para a súa participación.
- Evitar a tendencia ao autoillamento do novo alumnado procedente do estranxeiro ante unha situación descoñecida, como a chegada ao centro.

7.2.2.-PLAN DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO QUE SE MATRICULA POR PRIMEIRA VEZ NO NOSO CENTRO.

7.2.2.1.- ACTUACIÓNS NO PRIMEIRO CURSO DE ESO:

7.2.2.1.1. Accións co alumnado:

Que iniciou 1º ESO este curso escolar:

- Inicio de curso 2023-24, en setembro: convocarase o alumnado-axudante e adxudicáraselle un pequeno grupo de alumnos/as de 1º ESO que vai titorizar. As súas funcións consistirán en:
 - o Aclarar todas as dúbidas que se lles poidan presentar.
 - o Facilitar a integración do novo alumnado.
 - o Velar polo seu benestar.
 - o Avisar ao profesorado titor/a no caso de existir algún problema que eles/as non puidesen resolver.
- Avaliación: A finais de outubro organízase unha sesión para avaliar o traballo realizado.

Que vai iniciar 1º ESO o próximo curso:

- Presentación do noso Instituto aos pais/nais/titores legais do alumnado de 6º EP dos centros adscritos, CEP Marcos da Portela e CEIP Santo André de Xeve, no mes de xaneiro: Dáselle unha charla coa axuda dunha presentación en PowerPoint.
- Presentación do noso Instituto ao alumnado dos centros adscritos, CEP Marcos da Portela e CEIP Santo André de Xeve, no mes de maio: Dáselle unha charla coa axuda dunha presentación en PowerPoint e a testemuña de alumnado de 1º de ESO.
- Prepárase ao alumnado-axudante que forma parte do Equipo de Mediación Escolar do Centro para exercer de GUÍA durante a visita do alumnado de 6º de E. Primaria. En caso de ser necesario, recorrerase a alumnado voluntario de 1º y 2º ESO.
- Preparación da visita en xuño: Desde o Instituto, contactaremos co profesorado de 6º de primaria para invitalos a eles e os seus alumnos/as a visitar o noso Centro. Co obxectivo de que o alumnado coñeza o instituto, para quitarlle medo ao descoñecido e ter unha referencia tranquilizadora ao comezo de curso. Para tal fin, contactarase cos centros adscritos: CEP Marcos da Portela e CEIP Santo André de Xeve, para convir o día e a hora da visita e coñecer o número de alumnos/as que acudirán para organizar os grupos. O profesorado e o alumnado invitado recíbese no salón de actos, onde o equipo directivo lles dará a benvida e fará a presentación do Centro;

posteriormente, organizaranse os grupos necesarios para facer unha visita guiada polo instituto dirixida polo alumnado- axudante e un profesor/a de referencia. Organizaranse varias rutas diferentes para evitar aglomeracións. Durante todo o itinerario o alumnado- axudante fai as presentacións de cada espazo, a súa utilidade e os horarios de uso. O percorrido finaliza na cafetería, onde se volverán a atopar todos/as e daráselle un agasallo simbólico do Centro.

- Inicio de curso 2024-25, en setembro: O primeiro día de curso convócase o alumnado de 1º de ESO e o alumnado-axudante no salón de actos, realízase a presentación do equipo directivo e profesorado titor/a, dáselles a benvida ao instituto e o alumnado- axudante acompañarao a súa clase. Cada un deles se lle adxudica un pequeno grupo de alumnos/as que vai titorizar. As súas funcións, ao longo de todo o mes de setembro, consistirán en:
 - o Aclarar todas as dúbidas que se lles poidan presentar.
 - o Facilitar a integración do novo alumnado.
 - o Velar polo seu benestar.
 - o Avisar ao profesorado titor/a no caso de existir algún problema que eles/as non puidesen resolver.
- Avaliación: A finais de setembro organízase unha sesión para avaliar o traballo realizado.

7.2.2.1.2. Accións co profesorado:

- Intercambio de información cos centros de primaria: Durante o último trimestre, a Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación comezan a coordinarse cos centros adscritos para organizar unha boa acollida do seu alumnado no instituto.
- Coordinación entre os departamentos de orientación para establecer as medidas necesarias para unha boa continuación na atención que se presta ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado: Elaboración do Informe de Tránsito polos Orientadores/as e os titores de 6º.
- Posteriormente, mantense unha reunión cos orientadores/as e os titores/as dos Centros Adscritos para recoller toda a información que consideren relevante para complementar o Informe de Tránsito de cada alumno/a. Coa información recompilada nesa reunión, realízase un esbozo dos agrupamentos de 1º de ESO, tendo en conta os seguintes criterios:
 - a) Atención ás indicacións dos titores e titoras de 6º de E. Primaria sobre as relacións, as necesidades e as capacidades de cada alumno/a.
 - b) Que ningún alumno ou alumna quede só/soa sen compañeiros/as do seu grupo de procedencia.
 - c) Reparto equilibrado de repetidores.
 - d) Equilibrio no reparto a nivel de xénero.
 - e) Reparto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para garantir a súa inclusión, xa que requirirá maior atención por parte do profesorado.
- Reunión con titores e titoras de 1º de ESO antes do comezo de curso: O obxectivo desta reunión será transmitir a información recibida de todo o

alumnado do grupo, especialmente, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Primeiras sesións de tutoría: As primeiras sesións de tutoría nos cursos de ESO, polo tanto, tamén en 1º, dedícanse a actividades de dinámica de grupo, as normas de clase, ao fomento de actitudes e hábitos. No Plan de Acción Tutorial organízanse actividades encamiñadas a favorecer a integración de todo o alumnado e a convivir dentro da diversidade. Estas actividades realízanse na hora de tutoría.
- Avaliación Inicial: A avaliación inicial realízase de todo o alumnado do Centro, e, polo tanto, tamén do de 1º curso de ESO, ten lugar nas primeiras semanas de outubro. Cada profesor realiza unha avaliación inicial de carácter curricular de todo o alumnado. A Orientadora do Centro introduce en XADE os aspectos destacables de todo o alumnado no apartado "Avaliación - Avaliación Inicial - Informes Previos". O titor ou titora, ao longo das primeiras sesións de tutoría, recolle de cada alumno/a do seu grupo aspectos persoais de relevancia.

Na sesión de Avaliación Inicial, o equipo docente do grupo intercambia información e impresións sobre o rendemento académico, a actitude e conduta de todo o alumnado. Tamén se toman decisións sobre as primeiras medidas a adoptar encamiñadas a mellorar o clima e o rendemento do grupo. Farase especial fincapé no establecemento de medidas de atención á diversidade.

7.2.2.1.3. Accións coas familias:

- No mes de outubro, teríase que realizar unha reunión conxunta coas familias do alumnado de 1º de ESO. Despois de darlles a benvida ao Instituto, presentaríaselles ao equipo docente e se les explicarían as principais características da nova etapa educativa e do Centro Educativo. Despois desta reunión, os titores e titoras entrevistaríanse coas familias de forma individual para completar o dossier persoal de cada alumno/a. Este curso esta reunión colectiva non se vai poder realizar por mor da situación sanitaria.

7.2.2.2.- ACTUACIÓNS EN PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO E CB, CM E CS DE FP.

7.2.2.2.1. Accións co alumnado:

- 1.- Inicio de curso en setembro: O primeiro día de curso convócase o alumnado de 1º de todos os Ciclos de FP no salón de actos, realízase a presentación do equipo directivo, do profesorado titor/a e dáselles a benvida ao instituto.
- 2.- Facilitarlles a Guía para alumnado de FP do IES Luís Seoane.

7.2.2.2.2. Accións co profesorado:

- 1.- Reunión con titores e titoras de 1º dun ciclo de FP antes do comezo de curso: O obxectivo é facilitarlles información relevante sobre o seu alumnado.
- 2.- Avaliación Inicial: A avaliación inicial é de todo o alumnado do centro, e, polo tanto, tamén do de 1º dun Ciclo de FP, realízase a principios de outubro. Cada profesor realiza unha avaliación inicial de carácter curricular de todo o alumnado.

Na sesión de Avaliación Inicial, o equipo docente do grupo intercambia información e impresións sobre o rendemento académico e a actitude e conduta

de todo o alumnado. Tamén se toman decisións sobre as primeiras medidas a adoptar encamiñadas a mellorar o clima e o rendemento do grupo. Farase especial fincapé no establecemento de medidas de atención á diversidade.

7.2.2.3.- ACTUACIÓNS EN CALQUERA OUTRO CURSO OU NIVEL EDUCATIVO.

7.2.2.3.1- ENTREVISTA COA FAMILIA.

- Xefatura de estudos.
 - o Organización do centro: horarios, recreos...
 - o Servizo de transporte, ANPA...
- Titor/a.
 - o *Recollida de información inicial*: Recollida de toda a información relativa á historia escolar, situación persoal, nivel de competencia curricular, hábitos de estudo, habilidades de relación, situación familiar, características psicolóxicas...

7.2.2.3.2.- ENTREVISTA CO/A ALUMNO/A.

- O/A titor/a ou Orientador/a manterá unha entrevista inicial na que recollerá información sobre o/a alumno/a.
- Proporcionaralle información sobre os horarios, o funcionamento do centro... Se se considera preciso, o/a orientador/a do centro proporcionará información sobre as optativas.
- Entregaralle unha carpeta coa documentación básica:
 - o Horario do centro.
 - o Horario do seu grupo co nome das materias e do profesorado.
 - o Plano sinxelo do centro.
 - o Normas de organización e funcionamento do centro:
 - Asistencia. Xustificación de faltas.
 - Puntualidade.
 - Criterios de promoción e titulación.
 - Condutas contrarias á convivencia e sancións.

7.2.2.3.3.- PROBAS DE AVALIACIÓN INICIAL.

Foron realizadas polo profesorado das distintas materias. Na sesión de Avaliación Inicial detectáronse Necesidades Específicas de Apoio Educativas no alumnado que non estaban constatadas, durante o primeiro trimestre, o Departamento de Orientación realizará a Avaliación psicopedagóxica correspondente.

7.2.2.3.4.- ACOLLIDA DO/A ALUMNO/A NA AULA.

- O primeiro día de clase, realizaranse actividades de presentación e coñecemento mutuo: O/A alumno/a será presentado/a polo/a titor/a ao grupo de clase e ao resto do profesorado.
- Nomearase un/ha alumno/a titor/a: Solicitarase a colaboración dun/ha ou dous/dúas compañeiros/as que o/a axuden, orienten e acompañen, sobre todo nas primeiras semanas. Colocarase ao seu carón na clase, acompañarano/a

no recreo, procurando que se sinta aceptado/a. Explicarlanlle as normas de convivencia máis elementais e as de funcionamento da clase.

7.2.2.3.5.- FUNCIONES DO/A ALUMNO/A TITOR/A.

- Facilitar a integración do alumnado que se acaba de incorporar ao centro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros/as compañeiros/as, profesorado, persoal non docente, etc.
- Mostrarlle as instalacións e axudalo a orientarse no centro os primeiros días. Axudalo tamén en cuestións relacionadas co funcionamento e hábitos de traballo: material, horarios, materias e aulas.
- Colaborar co/a profesor/a titor/a comunicándolle as dificultades que detecte.

É importante que o/a alumno/a designado/a como titor/a non esqueza ou retarde a súa traxectoria académica durante o desempeño das súas funcións. O seguimento desta tarefa levaraa a cabo o/a profesor/a titor/a a través dunha ficha.

7.2.3.- PLAN DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO.

7.2.3.1.- ACTUACIONES:

7.2.3.1.1.- MATRICULACIÓN (Secretaría).

- Ficha de recollida de información inicial en varios idiomas.
- Relación de documentación en varios idiomas.
- Impreso de solicitude de matriculación. Disporase de modelos coa tradución en varios idiomas.
- Citación para a realización dunha entrevista coa familia e das probas de avaliación inicial do/a alumno/a, coa maior brevidade posible.

7.2.3.1.2.- ENTREVISTA COA FAMILIA.

A Xefatura de Estudos e/ou departamento de orientación:

Proporcionarán información sobre:

- Sistema educativo español.
- Organización do centro: horarios, recreos...
- Servizos de transporte, ANPA...
- Información sobre os servizos sociais do concello.
- Información sobre os hábitos e costumes máis relevantes do entorno escolar e social.

Recollerán información inicial: Recollida de toda a información relativa a: Desenvolvemento evolutivo do/a alumno/a, historia escolar, situación persoal, competencia comunicativa, competencia curricular, hábitos de estudo, coñecemento da nosa cultura, habilidades de relación, situación familiar, características psicolóxicas...

7.2.3.1.3.- ENTREVISTA CO/A ALUMNO/A E PROBA DE AVALIACIÓN INICIAL.

- Recollida de documentación escolar, materiais escolares, cadernos..., (todo o que poidan achegar tanto o alumnado como a familia) que nos permita determinar a súa competencia comunicativa, competencia curricular e o nivel de coñecemento da nosa cultura...
- Proporcionar información ao/á alumno/a sobre o sistema educativo español, os horarios, o funcionamento do centro, as optativas)..., por parte do/a orientador/a.
- Realización dunhas probas de avaliación inicial:
 1. Se coñece unha das dúas linguas oficiais da nosa comunidade:
Un/ha profesor/a pasará unhas probas elaboradas a tal fin polo Departamento de matemáticas, de lingua castelá e literatura, de lingua galega e literatura, de inglés e de francés.
 2. Se non coñece ningunha das dúas linguas:
Pasaráselle unha proba de matemáticas e outra en inglés e francés para avaliar conceptos básicos, e unhas probas sinxelas en lingua castelá e lingua galega para tratar de delimitar o nivel de competencia lingüística. O/A orientador/a pasarlle probas de razoamento lóxico, non condicionadas polo coñecemento do idioma.
 3. No caso de detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo, non derivadas da súa condición de alumnado procedente do estranxeiro:
O Departamento de Orientación realizará a avaliación psicopedagóxica correspondente.

7.2.3.1.4.-ADSCRICIÓN A UN CURSO/CRITERIOS ESCOLARIZACIÓN

- No caso de idades de escolarización obrigatoria, esta deberá producirse no momento da súa chegada a Galicia, sen ter que esperar ao inicio do novo curso.
- O curso de ESO no que se incorporará inicialmente o/a alumno/a determinarase tomando en consideración a súa idade, así como o nivel máis axeitado para dar resposta ás súas necesidades educativas, detectadas a través da avaliación inicial. Non se producirá a incorporación a un curso inferior aos dous anos anteriores ao que lle corresponde por idade, en ningún caso.
- Procurarase que o grupo no que se adscriba sexa o menos numeroso e onde o ambiente da aula sexa o máis cordial e o máis comunicativo posible.
- Reunión de toma de decisións: Unha vez realizada a avaliación inicial, que, de estimarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfase curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfase. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao Servizo Territorial de

Inspección Educativa correspondente Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro considerarán as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización: Grupos de adquisición das linguas, Grupos de adaptación da competencia curricular,...

7.2.3.1.5.- ACOLLIDA DO/A ALUMNO/A NA AULA.

O primeiro día de clase, entregaráselle unha carpeta coa documentación básica:

- Calendario escolar, períodos de vacacións, festivos, etc.
- Horario do centro.
- Horario do seu grupo de referencia co nome das áreas, profesorado e aula.
- Horario dos reforzos educativos, grupo de adquisición de linguas... (no caso de habelos).
- Plano sinxelo do centro.
- Normas de funcionamento interno do centro:
 - o Asistencia. Xustificación de faltas.
 - o Puntualidade.
 - o Normas de convivencia. Faltas leves, graves e sistema de sancións.
 - o Normas específicas de cada materia (elaboradas por cada profesor/a).
 - o Criterios de promoción e titulación.
- Realizaranse actividades de presentación e coñecemento mutuo: Será presentado polo/a titor/a ao grupo de clase e ao resto do profesorado.
- Situarase na aula un mapa do país de procedencia e realizaranse actividades, na hora de tutoría, encamiñadas a coñecer o país de procedencia, o idioma, a cultura, a familia, os costumes, a situación dos/as inmigrantes...
- Nomearase un/ha alumno/a titor/a: Solicitarase a colaboración dun/ha ou dous/dúas compañeiros/as que o/a axuden, orienten e acompañen, sobre todo nas primeiras semanas. Colocarase ao seu carón na clase, acompañarano/a no recreo, procurando que se sinta aceptado/a. Explicaralle as normas de convivencia máis elementais e as de funcionamento da clase.

7.2.3.1.6.- FUNCIONS DO/A ALUMNO/A TITOR/A.

- Facilitar a inclusión do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros/as compañeiros/as, profesorado, persoal non docente, etc.
- Mostrarlle as instalacións e axudalo a orientarse no centro os primeiros días. Axudalo tamén en cuestións relacionadas co funcionamento e hábitos de traballo: material, horarios, materias e aulas.

- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudalo a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Colaborar co/a profesor/a titor/a comunicándolle as dificultades que detecte.

É importante que o/a alumno/a designado como titor/a non esqueza ou retarde a súa traxectoria académica durante o desempeño das súas funcións. O seguimento desta tarefa levarao a cabo o/a profesor/a titor/a a través da ficha de seguimento.

7.3.- APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE:

7.3.1.- OBXECTIVOS

- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas medidas de atención á diversidade.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, contribuíndo así a evitar o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e da progresiva toma de decisións escolares e profesionais.
- Colaborar no proceso de toma de decisións, especialmente nas académicas e profesionais, desenvolvendo programas de orientación que doten ao alumnado da capacidade de toma de decisións responsables e con coñecemento das súas posibilidades e das oportunidades que se lle presentan, tanto no ámbito escolar coma profesional.
- Asegurar a continuidade educativa a través da coordinación das distintas áreas, ciclos, e etapas educativas.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os integrantes da comunidade educativa (profesorado-alumnado-familia), así coma entre a comunidade educativa e o entorno social.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas en todo momento.
- Contribuír á innovación e á mellora da calidade do ensino.

7.3.2.- ESTRATEXIAS:

Tarefas a realizar no Centro:

- Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica, asesorando especialmente nos aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos:
 - o Promover a revisión do Proxecto Educativo do Centro e dos Proxectos Curriculares de Etapa.
 - o Impulsar a introdución dos temas transversais nas distintas materias.
- Fomentar a comunicación entre os distintos profesores/as que interveñen cun grupo de alumnos/as mediante reunións de titores/as, do equipo docente, etc.

Tarefas a realizar co Profesorado:

O Departamento de Orientación coordinarase cos diferentes Departamentos Didácticos para tratar de:

- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan prever dificultades de aprendizaxe.
- Orientar sobre o xeito de intervir co alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Asesorar sobre a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Asesorar sobre entrevistas e reunións cos pais/nais.
- Facilitar pautas e asesoramento a comunidade educativa ao completo para o seu benestar emocional.
- Elaborar pautas e coordinar as intervencións do equipo docente con respecto ao alumnado con NEAE.
- Elaborar pautas e coordinar as intervencións do equipo docente con respecto ao alumnado con NEAE, no caso de confinamento.
- Elaborar pautas para os titores e colaborar na coordinación e no seguimento das medidas de atención á diversidade establecidas.
- Elaborar pautas para os titores e colaborar na coordinación e no seguimento das medidas de atención á diversidade establecidas, no caso de confinamento.

Tarefas a realizar co Alumnado:

O Departamento de Orientación realizará tarefas de prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe:

- Avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia curricular do alumnado.
- Realización de Avaliacións Psicopedagóxicas.
- Intervención nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente e toma de decisións sobre o establecemento de medidas de atención á diversidade.
- Organización de actividades de recuperación e reforzo.

Tarefas a realizar coas familias:

- Orientación sobre o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Axudarlles a coñecer o novo sistema educativo, itinerarios educativos e posibilidades profesionais.
- Orientar ás familias de xeito individual ou colectivo para que asuman de maneira responsable a educación dos seus fillos/as.
- Implicar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Orientación sobre o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo a través de correos electrónicos e chamadas telefónicas, no caso de non poder realizarse de forma presencial.
- Orientar ás familias de xeito individual ou colectivo para que asuman de maneira responsable a educación dos seus fillos/as.
- Implicar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe.

7.4.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O plan de acción titorial aprobado en claustro a comezos do curso 2006, foi revisado o curso 2014-15. Elaboráronse dous documentos: un PAT para a ESO e o Bacharelato e outro PAT para a FP.

Estes dous documentos constitúen o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das titorías, establecendo as actuacións a realizar e aportando os documentos precisos para levalas a cabo. Neles, tamén figura a previsión das actividades que van desenvolver, de forma coordinada e sistemática, os docentes dun Centro en xeral e os titores/as en particular con respecto á Orientación dos seus alumnos/as.

Ao mesmo tempo, a titoría é o espazo e o tempo no que se facilita ao titor/a o coñecemento de cada un dos seus alumnos/as, individualmente considerados e tamén como grupo, para poder intervir axudándolles no seu proceso de crecemento persoal e social.

7.4.1.- OBXECTIVOS

7.4.1.1.- PAT para a ESO e Bacharelato:

A.- Previo á matrícula do alumno:

- Ofrecer información sobre os estudos de ESO e Bacharelato que se imparten no instituto e levar a cabo as actuacións de acollida dos futuros estudantes.

B.- Durante a estancia no instituto:

- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no instituto e promover un clima de convivencia, tolerancia e colaboración.
- Colaborar na consecución dun mellor ambiente de traballo, disciplina e puntualidade no grupo.
- Obter e seleccionar datos e información sobre o alumnado individual e colectivamente para poñelo a disposición –cando sexa de utilidade- do resto do profesorado.
- Axudar e orientar o alumnado sobre o seu rendemento académico, colaborando na ensinanza de hábitos e actitudes positivas para o estudo e de técnicas de traballo intelectual.
- Facilitar o desenvolvemento harmónico das programacións do profesorado do grupo, a través da coordinación dos procesos de avaliación e da adopción de medidas educativas para dar resposta ás necesidades detectadas.
- Contribuír á individualización da educación, facilitando unha resposta educativa axustada ás necesidades particulares do alumnado, articulando as oportunas medidas de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír ao carácter integral da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa: cognitivos, afectivos e sociais.

- Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais conectados co entorno, de modo que a educación sexa “educación para a vida”.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores e de toma de decisións respecto ao futuro académico e profesional.
- Contribuír á adquisición da Competencia Social e Cidadá do alumnado.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os do abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.
- Favorecer a adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social, facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan xurdir.

C.- Ao remate dos estudos:

- Facilitar información sobre as distintas opcións académicas e profesionais, que ten o alumnado cando abandone o centro e emitir o Consello Orientador.

7.4.1.2.- PAT para a FP:

A.- Previo á matrícula do alumnado:

- Ofrecer información sobre os estudos de Formación Profesional que se imparten no instituto e facilitar o acceso aos futuros estudantes.

B.- Durante a estancia no instituto:

- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no instituto e promover un clima de convivencia, tolerancia e colaboración.
- Colaborar na consecución dun mellor ambiente de traballo, disciplina e puntualidade no grupo.
- Facilitar o diálogo entre o alumnado e o profesorado á hora de abordar posibles dificultades.
- Obter e seleccionar datos e información sobre o alumnado individual e colectivamente para poñelo a disposición -cando sexa de utilidade- do resto do profesorado.
- Establecer canles de comunicación coas familias, no caso do alumnado menor de idade.
- Axudar e orientar o alumnado sobre o seu rendemento académico, colaborando na ensinanza de hábitos e actitudes positivas para o estudo e de técnicas de traballo intelectual.
- Facilitar o desenvolvemento harmónico das programacións do profesorado do grupo, a través da coordinación dos procesos de avaliación e da adopción de medidas educativas para dar resposta ás necesidades detectadas.
- Proporcionar ao alumnado información e asesoramento con respecto ás diferentes opcións académicas e profesionais facilitando así a toma de decisións respecto ao futuro escolar e laboral.

C.- Ao remate dos estudos:

- Facilitar o proceso de inserción laboral do alumnado que rematou estudos, asesorando e informando sobre ofertas de emprego, formación ou autoemprego.

7.4.2.- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN EN CADA CURSO:

7.4.2.1.- PAT para a ESO e o Bacharelato:

A) Primeiro curso de ESO:

- Acollida e integración do alumnado no seu grupo e no instituto.
- Dinámicas grupais de coñecemento e presentación.
- Coñecer as características fundamentais da nova etapa: avaliación, promoción...
- Coñecer o funcionamento do Centro e as súas normas.
- Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo na casa.
- Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns ás distintas áreas: uso de materiais de consulta, lectura comprensiva, organización do tempo de traballo e estudo persoal, aprendizaxe de realización de esquemas, resumo e subliñado.
- Presentación de Métodos de Estudo.
- Coñecemento do Sistema Educativo e das opcións e materias optativas dos próximos cursos.
- Temas transversais: Charlas de educación para a saúde do Concello, educación para a igualdade, utilización do ocio e tempo libre.
- Actividades de coñecemento de si mesmo, autoconcepto e autoestima.
- Técnicas de responsabilidade grupal.
- Programa de Habilidades Sociais e Intelixencia Emocional.
- Educación en valores a través do cine.
- Aplicar o Plan de Benestar Emocional.

B) Segundo curso de ESO:

- Acollida e integración do alumnado no seu grupo e no instituto.
- Dinámicas grupais de coñecemento e presentación.
- Coñecer o funcionamento do centro e as súas normas.
- Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo na casa.
- Traballarse amplamente durante o segundo trimestre temas relacionados co Acoso entre iguais, así como estratexias de resolución pacífica de conflitos.
- Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns ás distintas áreas: uso de materiais de consulta, lectura comprensiva, organización do tempo de traballo e estudo persoal, aprendizaxe de realización de esquemas, resumo e subliñado.
- Afondamento de Métodos de Estudo.
- Coñecemento da oferta do sistema educativo e das materias optativas de 3º/4º ESO.
- Temas transversais: Charlas de educación para a saúde do Concello, educación para o consumo, utilización do ocio e tempo libre.
- Programa de autoestima:
 - o Coñecer os meus valores.
 - o Que imaxe teño de min?
 - o Relacións interpersoais.
 - o Parar e pensar. Linguaxe autodirixida, autocontrol e atribución causal.

- Competencia e solución de problemas “Levarse ben”.
- Poñémonos en acción. Linguaxe autodirixida. Outras...
- Técnicas de responsabilidade grupal.
- Programa de Habilidades Sociais e Intelixencia Emocional.
- Educación en valores a través do cine.
- Aplicar o Plan de Benestar Emocional.

C) Terceiro curso de ESO:

- Favorecer a integración do alumnado no grupo, no centro, procurando a formación dun grupo unido e cohesionado.
- Desenvolver hábitos de traballo e comportamento para favorecer a súa adaptación Escolar.
- Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns a distintas áreas.
- Seguir afondando nas técnicas de aprendizaxe e de estudo aprendidas anteriormente.
- Consolidar un hábito de traballo na casa.
- Traballarase amplamente durante o segundo trimestre temas relacionados co Acoso entre iguais, así como estratexias de resolución pacífica de conflitos.
- Previr as dificultades de aprendizaxe e canalizalas cando se produzan.
- Orientar o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais: 4º ESO, Bacharelatos, Ciclos de Formación Profesional...
- Programas de Intelixencia Emocional e Habilidades Sociais.
- Temas transversais: educación para a saúde, para a igualdade ...
- Educación en valores a través do cine.
- Aplicar o Plan de Benestar Emocional.

D) Cuarto curso de ESO:

- Orientar o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais: Bacharelatos, Ciclos de Formación Profesional e estudos universitarios.
- Realizar o seguimento do alumnado con materias pendentes apoiando as medidas de recuperación.
- Detección e tratamento máis personalizado das dificultades no estudo.
- Técnicas de traballo intelectual: realización de exames, traballos monográficos, toma de apuntes ...
- Educación en valores a través do cine.
- Programas de Intelixencia Emocional e Habilidades Sociais.
- Temas transversais: educación para a saúde, educación para a igualdade...
- Programa específico de orientación académica e profesional.
- Aplicar o Plan de Benestar Emocional.

(No primeiro e segundo curso de Bacharelato non existe hora de tutoría semanal).

E) Primeiro curso de Bacharelato:

- Orientar o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais: Ciclos Superiores de FP e estudos universitarios.
- Proporcionar información detallada sobre as mesmas.
- Detección e tratamento máis personalizado das dificultades no estudo.
- Aplicar o Plan de Benestar Emocional.

F) Segundo curso de Bacharelato:

- Orientar a alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Proporcionar información detallada sobre as mesmas.
- Realizar o seguimento do alumnado con materias pendentes apoiando as medidas de recuperación.
- Aplicar o Plan de Benestar Emocional.

7.4.2.2.- PAT para a FP:**A) Primeiro curso do Ciclo Básico de Servizos Comerciais:**

- Acollida e integración do alumnado no seu grupo e no instituto.
- Dinámicas grupais de coñecemento e presentación.
- Coñecer as características fundamentais da nova etapa.
- Coñecer o funcionamento do Centro e as súas normas.
- Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo na casa.
- Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo en grupo.
- Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns ás distintas áreas: uso de materiais de consulta, lectura comprensiva, organización do tempo de traballo e estudo persoal, aprendizaxe de realización de esquemas, resumo e subliñado.
- Presentación de Métodos de Estudo.
- Temas transversais.
- Actividades de coñecemento de si mesmo, autoconceito e autoestima.
- Técnicas de responsabilización grupal.
- Programa de Habilidades Sociais e Intelixencia Emocional.
- Educación en valores a través do cine.
- Aplicar o Plan de Benestar Emocional.

B) Segundo curso do Ciclo Básico de Servizos Comerciais:

- Acollida e integración do alumnado no seu grupo e no instituto.
- Dinámicas grupais de coñecemento e presentación.
- Coñecer o funcionamento do centro e as súas normas.
- Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo na casa.
- Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo en grupo.
- Traballarase amplamente durante o segundo trimestre temas relacionados co Acoso entre iguais, así como estratexias de resolución pacífica de conflitos.
- Adquirir algunhas técnicas básicas de aprendizaxe comúns ás distintas áreas: uso de materiais de consulta, lectura comprensiva, organización do tempo de traballo e estudo persoal, aprendizaxe de realización de esquemas, resumo e subliñado.
- Afondamento de Métodos de Estudo.
- Temas transversais.
- Programa de autoestima:
 - o Coñecer os meus valores.
 - o Que imaxe teño de min?
 - o Relacións interpersoais.
 - o Parar e pensar: Linguaxe autodirixida, autocontrol e atribución causal.
 - o Competencia e solución de problemas: "Levarse ben"
 - o Poñémonos en acción: Linguaxe autodirixida. Outras...
- Técnicas de responsabilización grupal.
- Programa de Habilidades Sociais e Intelixencia Emocional.

- Educación en valores a través do cine.
- Aplicar o Plan de Benestar Emocional.
- Programa específico de orientación académica e profesional:
 - o Información sobre os ciclos Medios de FP e familias profesionais as que teñen acceso directo dende o CB de Servizos Comerciais.

7.4.3.-ESTRATEGIAS

Estarán centradas fundamentalmente no contacto persoal co titor e na planificación de reunións periódicas, tanto presenciais como de xeito telemático, que quedan establecidas da seguinte maneira:

- Reunións coa Xefatura de Estudos e os titores.
- Reunión trimestral do equipo docente de cada ciclo educativo, ademais da Avaliación Inicial que nos axudará a valorar as necesidades específicas de apoio educativo.
- Atención individualizada cada vez que un profesor, titor, pai/nai ou alumno o pida.
- Reunión e toma de decisións nas avaliacións establecidas por lei.
- Corrección e avaliación do material entregado para traballar na titoría.
- Reunión co profesorado de ámbitos, de materias e módulos.
- Intervención directa cos distintos grupos de alumnos/as.
- Reunión ao principio de curso cos pais/nais do alumnado que se incorpora ao centro.
- Contacto permanente coa Xefatura de Estudos para a toma de decisións.

7.4.4.- RECURSOS

- “El Orienta Line”.
- Blog de Orientación do IES.
- Aula virtual IES Luís Seoane.
- Manuais de titoría de Alfer, A Nosa Terra, Aljibe e I.C.C.E.
- Programa para o desenvolvemento persoal e social da Xunta de Galicia.
- Tengo que decidirme. Círculo de Progreso.
- Me decido. Edito. Donostiarra.
- Métodos de estudio (varios) e de lectura comprensiva (varios).
- A experiencia de educar para a saúde na escola. Xunta de Galicia.
- Tú decides. Eduforma. Mad.
- Proxecto educativo Aulaforo de Caja Madrid.
- Educar en Valores. Eulalia Paredes e Dolores Ribera. Tibidabo Ediciones.
- Conflictos escolares. Respuestas educativas. Tibidabo Ediciones.
- Que me dis... Varios. Nova Galicia Edicións.
- Técnicos de estudio. Proyecto Avanza. Cerbal.
- Saber decir. Cerbal
- Proyecto Avanza propostas de tutoría para todos los cursos de la ESO. Cerbal.
- Programa de Acción Tutorial para la ESO. Wolters Kluwer.
- Educación Emocional e Educación Intercultural. Wolters Cluwer.

7.5. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL:

7.5.1. Introducción

O departamento de orientación elabora o Plan de Orientación académico e profesional (POAP) dentro das súas responsabilidades. Dito Plan pretende responder aos obxectivos xerais seguintes:

- Favorecer e fomentar a adquisición de habilidades individuais para a xestión da carreira profesional.
- Facilitar o acceso de toda a cidadanía aos servizos de información e orientación.
- Desenvolver os servizos de información e orientación con garantía e calidade.
- Fomentar a coordinación e a cooperación dos diversos protagonistas na información e orientación profesional a nivel estatal, autonómico e local.
- Prestar servizos de atención singulazada ás empresas, nomeadamente ás pequenas e medianas, así como aos traballadores autónomos, en relación aos recursos que permitan mellorar o aproveitamento do seu capital humano e deseñar itinerarios formativos axustados ás súas necesidades.

7.5.2. Funcións da orientación académica e profesional

- Informar e orientar sobre oportunidades formativas e de acceso ao emprego ao longo da vida: ensinanzas regradas, formación para o emprego, cursos de perfeccionamento, reciclaxe ou especialización; proceso de recoñecemento, a partir da experiencia laboral ou a formación non formal, etc.
- Colaborar na elaboración de itinerarios formativos individualizados.
- Informar e asesorar aos candidatos ao proceso de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia profesional tanto na fase previa ao proceso (fase inicial de información) como unha vez concluído este para elaborar posibles itinerarios formativos.
- Diseñar actuacións de información e orientación académico profesional destinadas a colectivos específicos.
- Divulgar as accións de emprendemento do centro.
- Planificar a actividade dos viveiros de empresa.
- Realizar estudos de inserción laboral do alumnado e do mercado de traballo en colaboración cos departamentos de familia profesional.
- Coordinarse con outras administracións, entidades ou institucións no relativo a orientación laboral e profesional.
- Informar sobre oportunidades de acceso ao emprego.

- Informar sobre ofertas de formación e itinerarios formativos para facilitar a inserción, reinserción e mobilidade laboral.

7.5.3. Análise das necesidades

No que atinxe ao ámbito da orientación profesional, estruturamos as necesidades en virtude dos usuarios dos que se trate.

As necesidades máis salientables do noso alumnado son:

- Necesitan coñecer con suficiencia as características, condicións e estrutura das ensinanzas superiores, tanto dos estudos universitarios, Formación Profesional e ensinanzas de réximen especial tanto daquelas nas que se matricularon como as de toda a FP en xeral.
- Necesitan coñecer as oportunidades académicas, profesionais e laborais dos estudos superiores.
- Necesitan coñecer as oportunidades académicas dos ciclos formativos e dos estudos de grao universitario.
- Necesitan coñecer os recursos existentes para o autoemprego e o emprendemento.
- Necesitan coñecer as ofertas de emprego que chegan ao noso centro.

Polo que se refire ás familias, as súas necesidades son:

- Coñecer as características dos estudos superiores e dos ciclo de FP no que se atopa o seu fillo/a.
- Coñecer as oportunidades laborais e académicas dos estudos universitarios e ciclos formativos.

Os usuarios externos necesitan:

- Coñecer as características dos títulos que impartimos no noso centro.
- Coñecer as oportunidades laborais e académicas da nosa oferta en especial, dos nosos ciclos formativos.
- Coñecer as oportunidades de acceso ao procedemento de acreditación de competencias.

Os candidatos do procedemento de acreditación de competencias necesitan:

- Coñecer en que consiste o procedemento, que lles ofrece e que secuencia de fases o compoñen.
- Coñecer que oportunidades académicas se lles abren tras a acreditación dalgunha das unidades de competencia que compoñen o título avaliado.

- Coñecer os recursos para completar a formación conducente ao título de FP do que se avaliarán no proceso, que módulos deben cursar e onde e como o poden facer.

No que se refire ás empresas que contactan para ofertas de emprego, precisan:

- Dispoñer dun medio sinxelo para publicar as súas ofertas entre o noso alumnado.
- Dispoñer dun contacto persoal co centro para coñecer polo miúdo a nosa oferta formativa e as nosas características pedagóxicas.

7.5.4. Oferta educativa

No momento de redacción deste documento, O IES Luís Seoane conta coa seguinte oferta formativa:

Non profesionalizante:

| | | |
|--|----------|--|
| ESO | 4 NIVEIS | 1º: 3 Unidades 2º: 4 unidades 3º: 4 unidades 4º: 4 unidades |
| BACHARELATO Modalidade Ciencias e tecnoloxía Modalidade de humanidades e ciencias sociais Modalidade xeral | 2 NIVEIS | 1º: 2 unidades 2º: 2 unidades |

Profesionalizante:

| NIVEL | DENIMINACIÓN | OCUPACIÓNS RELEVANTES | FAMILIA PROFESIONAL |
|---------------------|--|---|-----------------------------|
| CICLO BÁSICO | Servizos comerciais 1º: 1 unidade 2º: 1 unidade | Auxiliar de dependente de comercio. Auxiliar de animación do punto de venda. Auxiliar de venda. Auxiliar de promoción de vendas. Empregado/a de reposición. Operador/ora de cobramento ou caixeiro/a. Operario/a de pedidos. Operador/ora de carreta de recepción e expedición. Contador/ora de recepción e expedición. | COMERCIO MARKETING E |

| | | | |
|--------------------|--|---|------------------------------------|
| | | Operario/a de loxística. Auxiliar de información. | |
| CICLO MEDIO | CM Comercialización de produtos alimentarios. En modalidade DUAL 2 NIVEIS: 2 unidades | Responsable encargado/a de establecemento alimentario. De sección, sala ou departamento de tenda de alimentación. Xestor/a de pequeno comercio alimentario. Responsable encargado/a de comercios alimentarios en liña. Asesor/a comercial de produtos alimentarios. Vendedor/a de produtos alimentarios. | COMERCIO MARKETING E |
| | CM Actividades Comerciais. Réxime ordinario 2 niveis: 2 unidades | Vendedor/ora. Vendedor/ora técnico/a. Representante comercial. Orientador/ora comercial. Promotor/ora. Televendedor/ora. Vendedor/ora a distancia. Teleoperador/ora (en "call centers"). Axente de información e atención á clientela. Caixeiro/a ou repoñedor/ora. Operador/ora de "contact centers". Administrador/ora de contidos en liña. Comerciante de tenda. Xerente de pequeno comercio. Técnico/a en xestión de existencias e almacén. Xefe/a de almacén. Responsable de recepción de mercadorías. Responsable de expedición de mercadorías. Técnico/a en loxística de almacéns. Técnico/a de información e atención á clientela en empresas. | |
| | CM Xestión Administrativa. Réxime ordinario | Auxiliar administrativo/a Axudante de oficina. | ADMINISTRACIÓN E FINANZAS |

| | | | |
|------------------------------|--|--|------------------------------------|
| | <p>2 niveis: 2 unidades</p> <p>Réxime adultos distancia</p> | <p>Auxiliar administrativo/a de cobramentos e pagamentos.</p> <p>Administrativo/a comercial. Auxiliar administrativo/a de xestión de persoal.</p> <p>Auxiliar administrativo/a das administracións públicas.</p> <p>Recepcionista.</p> <p>Empregado/a de atención á clientela.</p> <p>Empregado/a de tesouraría.</p> <p>Empregado/a de medios de pagamento</p> | |
| <p>CICLO SUPERIOR</p> | <p>CS Comercio internacional.</p> <p>Réxime ordinario</p> <p>2 niveis: 2 unidades</p> | <p>Técnico/a en comercio exterior.</p> <p>Técnico/a de operacións exteriores de entidades financeiras e de seguros.</p> <p>Técnico/a en administración de comercio internacional. Asistente ou adxunto/a de comercio internacional.</p> <p>Axente de comercio internacional.</p> <p>Técnico/a de márketing internacional.</p> <p>Técnico/a de márketing dixital internacional.</p> <p>Técnico/a de venda internacional.</p> <p>Asistente ao departamento de operacións comerciais internacionais.</p> <p>Transitario/a.</p> <p>Consignatario/a de buques.</p> <p>Operador/ora loxístico/a.</p> <p>Xefe/a de almacén.</p> <p>Técnico/a en loxística do transporte.</p> <p>Coordinador/ora loxístico/a.</p> <p>Técnico/a en loxística inversa.</p> | <p>COMERCIO MARKETING E</p> |
| | <p>CS Xestión de vendas e espazos comerciais.</p> <p>Réxime ordinario</p> | <p>Xefe/a de vendas.</p> <p>Representante comercial.</p> <p>Axente comercial.</p> | |

| | | | |
|--|--|---|----------------------------------|
| | 2 niveis: 2 unidades | Encargado/a de tenda. Encargado/a de sección dun comercio. Vendedor/ora técnico/a. Coordinador/ora de comerciais. Supervisor/ora de telemárketing. Merchandiser. Escaparatista comercial. Deseñador/ora de espazos comerciais. Responsable de promocións no punto de venda. Especialista en implantación de espazos comerciais. | |
| | CS Transporte e loxística Réxime de adultos, modalidade DISTANCIA. | Xefe/a de tráfico de empresas de transporte de persoas por estrada, en actividades de transporte e en actividades de transporte combinado. Xefe/a de operacións, de estación de autobuses, de circulación, de almacén, de administración en transporte terrestre, aéreo, marítimo e multimodal. Xerente da empresa de transporte. Inspector/a de transporte de persoas por estrada. Xestor/a de transporte por estrada. Administrativo/a de servizo de transporte por estrada. Axente de transportes e de carga. Comercial de servizos de transporte. Operador/a de transporte porta a porta e loxístico. Transitario/a. Consignatario/a de buques. Técnico/a en loxística do transporte e en loxística inversa. Coordinador/a loxístico/a. | |
| | CS Administración e finanzas. Réxime ordinario 2 niveis: 2 unidades Réxime adultos distancia | Administrativo/a de oficina. Administrativo/a comercial. Administrativo/a financeiro. Administrativo/a contable. Administrativo/a de loxística. | ADMINISTRACIÓN E FINANZAS |

| | | | |
|--|---|---|--|
| | | Administrativo/a de banca e de seguros. Administrativo/a de recursos humanos. Administrativo/a da Administración pública. Administrativo/a de asesorías xurídicas, contables, laborais e fiscais ou xestorías. Técnico/a en xestión de cobramentos. Responsable de atención á clientela. | |
| | CS Asistencia á dirección. Réxime ordinario 2 niveis: 2 unidades | Asistente á dirección. Asistente persoal. Secretario/a de dirección. Asistente de despachos e oficinas. Asistente xurídico/a. Asistente en departamentos de recursos humanos. Administrativo/a na Administración e en organismos públicos. | |

7.5.5 Liñas de actuación:

a) Recopilación de información.

Base documental/informática importante e moi diversa. A compilación e organización da información é unha faceta clave da súa labor xa que hoxe en día a información cambia constantemente e o orientador/a debe tentar estar ao día das últimas novidades relacionadas co sistema educativo e produtivo. Neste senso, é de vital importancia para o orientador/a dispoñer dun listado de recursos web que consultar periodicamente xa que é a través de INTERNET onde máis rápido se difunde a información. Mantemento do Blog <https://elorienta.com/seoane/>

As temáticas sobre as que vai versar a busca de información serán:

- Educación e formación
- Mercado de traballo

b)Traballo con individuos/orientación individual.

Trátase de dar unha resposta á multiplicidade de demandas de información que a diario reciben as orientadoras e que proveñen non só do alumnado matriculado no centro senón tamén de outros membros da comunidade educativa, por exemplo traballadores desempregados ou en activo, xente non escolarizada que pretende volver ao sistema educativo, candidatos ao proceso de acreditación de competencias, persoas inmigrantes, etc.

Dentro de estas demandas tamén existen dúas tipoloxías de usuarios:

- Usuarios que demandan unha información moi concreta e puntual.

- Usuarios que non teñen claro aínda que tipo de información demandan e precisan dunha información xeral en primeira instancia. Neste caso a labor do orientador/a será de axuda e asesoramento.

As orientadoras disporán dunha ficha na que se recompilará información básica da persoa que demanda información e tamén se indicará que tipo de información lle foi proporcionada. O obxectivo é ter un rexistro de tódalas consultas que chegan ao departamento de maneira que se poida contactar coas familias, alumnado e usuarios para informalos de novidades, convocatorias, etcétera e tamén que o departamento poida realizar unha análise do tipo de información máis demandada con vistas a deseñar documentos, sesións, etcétera nas que se poida ofrecer a información de xeito masivo.

c) Tralado en grupo.

Neste caso o relevante é transmitir unha información de maneira masiva a un grupo de alumnado ou ben a algún colectivo.

Partindo dunha recompilación de información en torno a unha temática trátase de organizar, en moitos casos, sintetizala e presentala da maneira máis clara posible a un grupo de persoas. Por suposto, o tipo de información e a maneira de organizala e presentala terá en conta o colectivo ao que se dirixe (familias, alumnado, usuarios) xa que non é o mesmo dirixirse a un grupo de traballadores que a un grupo de alumnos por exemplo.

Actividades concretas que se poden levar a cabo neste apartado poden ser:

- Elaboración dun plan de difusión da oferta formativa do centro:
- Elaboración de carteis e trípticos informativos.
- Difusión da oferta a través da páxina web do centro.
- Charlas informativas a alumnado de últimos cursos da ESO, Bacharelato e Ciclos formativos de FP.
- Xornadas /actividades de orientación para a formación e o emprego para alumnado de 2º curso de ciclos formativos.
- Visitas a empresas do contorno produtivo relacionado co ciclo formativo.
- Mantemento dentro da páxina web do centro do blog de orientación na que se colguen información de utilidade para os usuarios.
- Información ao alumnado de convocatorias puntuais a través dos persoas titoras.
- Elaboración de documentación informativa para candidatos ao proceso de recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias.

7.5.6. Estratexias e recursos

Para levar a cabo a labor de orientación académico profesional o departamento de orientación debe dispoñer de recursos tanto persoais coma organizativos e materiais.

Recursos persoais:

- Membros do departamento de orientación.
- Persoas titoras.
- Xefe do departamento de relación con empresas.
- Persoas titoras de FCT.
- Equipo directivo

Recursos organizativos:

- Reunións do departamento de orientación
- Xuntanzas e comunicación fluída co equipo directivo.
- Xuntanzas con persoas titoras a título colectivo ou individual dependendo das circunstancias.
- Xuntanzas cos equipos docentes dalgún grupo de alumnos cando as circunstancias así o aconsellen.
- Reunións/contacto con outros orientadores, orientador/a laboral do concello, técnicos de emprego municipais, outros servizos de emprego, empresas, asociacións ou entidades externas ao centro que poidan ter algún tipo de relación continua ou puntual para levar a cabo tarefas de orientación no IES.

Recursos materiais:

- Espazo físico (despacho)
- Ordenadores.
- Impresora.
- Liña telefónica.
- Acceso a Internet.
- Programas informáticos de orientación profesional .
- Cuestionarios de intereses profesionais.
- Cuestionarios de detección de necesidades educativas, probas psicopedagógicas.
- Guías de información profesional
- Publicacións periódicas relacionadas coa orientación profesional.
- Webgrafía.
- Blogue de orientación do centro.

7.5.7. Criterios e indicadores de avaliación

A avaliación é un proceso inherente a calquera acción de orientación que se emprenda xa que permitirá a continua mellora de tódalas tarefas que se realicen.

Para a redacción do plan de orientación debe partirse en primeiro lugar dunha avaliación de necesidades de orientación do centro integrado. Tal avaliación de necesidades debe tomar como fonte os seguintes aspectos:

- Suxestións do equipo directivo sobre o enfoque da actividade de orientación e propostas de actividades.
- Análise da memoria do curso anterior e das propostas de mellora.
- Demandas efectuadas polos persoas titoras.
- Demandas do profesorado.
- Demandas do alumnado.

Ao longo do curso e conforme se vaia poñendo en marcha o plan de orientación é convinte facer unha reflexión logo de cada actividade sobre a súa adecuación, pertinencia, consecución da finalidade prevista, adecuación dos recursos empregados e propoñer aspectos susceptibles de mellora se é o caso.

Finalmente, para avaliar o POAP ao remate do curso teranse en conta os seguinte criterios:

- Análise do grao de cumprimento dos obxectivos previstos no plan inicial.
- Ver en que medida os usuarios están satisfeitos co traballo desenvolto polo Departamento de Orientación. A este efecto deseñaranse cuestionarios de satisfacción para os distintos colectivos: familias, alumnos, profesorado. Estes cuestionarios poden ser referidos á actividade xeral do departamento de orientación ou ben relativos a actividades concretas nun momento determinado.
- Rexistro das actividades levadas a cabo ao longo do curso con suxestións para a súa mellora (avaliación continua).
- Contrastar co equipo directivo as actividades realizadas e expor aspectos a mellorar de cara a vindeiros cursos.

7.5.8 Actuacións de Orientación Académica e Profesional
ESO
1º E 2º DE ESO

| | TEMAS DE TRABAJO | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|--|---|------------------------|---|
| DO cos persoas titoras para o alumnado | <p><u>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL</u></p> <p>Fundamentalmente, se abordarán os temas que permitan que o alumno, a partir do coñecemento de sí mesmo e das posibilidades formativas que o entorno lle ofrece, poda tomar unha decisión consciente a largo prazo sobre o futuro académico e profesional e a curto prazo para <u>realizar unha elección axeitada do itinerario máis adecuado de 3º de ESO</u></p> <p>Por elo, este bloque debe tratarse en dous vertentes:</p> <p>a) Proceso de información: Estrutura da ESO Materias e Optativas de 3º de ESO -Oferta que presenta a contorna para alumnos maiores de 16 anos ou para alumnos de 15 anos que cursando 2º xa repetiran na Etapa: Programa de Diversificación Curricular e o Grao Básico de F.P.</p> <p>b) Proceso de <u>toma de decisións: a partir do coñecemento do propio alumno</u>, dos seus intereses, motivacións, capacidades, aptitudes e expectativas. Para elo se proporcionarán cuestionarios para o autoconecemento e a detección de aptitudes, intereses e motivacións.</p> | Terceiro trimestre. | <ul style="list-style-type: none"> . Materiais sobre a toma de decisións: . Cuestionarios persoais. . Fichas de recollida de información. . Programa Orienta. . Blogue de orientación. |

3º DE ESO

| | TEMAS DE TRABAJO | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|---|----------------------------|--|
| <p>DO cos persoas titoras para o alumnado</p> | <p><u>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL</u> Fundamentalmente, se abordarán os temas que permitan que o alumno, a partir do coñecemento de sí mesmo e das posibilidades formativas que o entorno lle ofrece, poda tomar unha decisión consciente a longo prazo sobre seu futuro académico e profesional e a curto prazo para <u>realizar unha elección axeitada das opcións máis axeitadas de 4º de ESO</u> Por elo, este bloque debe tratarse en dúas vertentes:</p> <p>a) Proceso de información: Información xeneral sobre a Estructura da E.S.O . Itinerario. Optativas e opcións en 4º de ESO Oferta que presenta a contorna para alumnos maiores de 16 anos ou que tendo 15 se atopen en risco evidente de non poder acadar os obxectivos: Programa de Diversificación Curricular e Grao Básico de Formación Profesional.</p> <p>b) Proceso de <u>toma de decisións: a partir do coñecemento do propio alumno</u>, dos seus intereses, motivacións, capacidades, aptitudes e expectativas.</p> | <p>Terceiro trimestre.</p> | <ul style="list-style-type: none"> . Diferentes guías do estudante . . Itinerarios académicos elaborados polo centro. . Materiais de Orientación e Titoría . Programa informático “Orienta” . Diferentes páxinas Web: eduxunta. . Blogue de orientación. |

4º ESO

| | TEMAS DE TRABAJO | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|--|--|---------------------|--|
| DO cos persoas titoras para o alumnado | <p><u>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL</u></p> <p>Fundamentalmente, se abordarán os temas que permitan que o alumno, a partir do coñecemento de sí mesmo e das posibilidades formativas que o entorno lle ofrece, poda tomar unha decisión consciente a longo prazo sobre seu futuro académico e profesional e a curto prazo para realizar unha elección axeitada do itinerario académico ou profesional</p> <p>Para ello se traballará en dúas vertentes:</p> <p>a) <u>Información</u>: o titor informará ao alumno sobre as saídas académicas e profesionais ao rematar 4º ESO.</p> <p><u>Becas</u>.</p> <p>Bacharelatos: modalidades e estrutura; materias comúns e de modalidade; optativas.</p> <p>Formación Profesional de Grado Medio: familias profesionais; ciclos formativos existentes; estrutura; condicións de acceso.</p> <p>Outras medidas educativas conducentes á obtención do título de Graduado en Secundaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> Formación Profesional Básica para maiores de 16 anos: estrutura, obxectivos, contidos, condicións de acceso e saídas futuras. Lugares onde se imparte. <p>* Centro de Educación Permanente de Adultos para maiores 18 anos y Educación Secundaria a Distancia</p> <p>Oferta laboral da contorna. Catálogo de profesións máis demandadas.</p> <p>b) <u>Toma de decisións</u></p> <p>Seguimento da traxectoria educativa do alumno/a a través dos resultados</p> | Terceiro trimestre. | <p>Se utilizarán as reunións de persoas titoras para preparar a información que hai que transmitir.</p> <p>Lexislación actualizada sobre o Programa de Diversificación, o Grao Básico de F.P e a formación de adultos.</p> <ul style="list-style-type: none"> Diferentes Guías do estudante Materiais de Orientación e Tutoría Programa Informático "Orienta" Revista "Entre Estudiantes". Páxinas WEB: edu.xunta. EDUGAL. Visitas a centros. Blogue de orientación do centro. |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | académicos do curso e cursos anteriores. Traballo de autorreflexión sobre motivacións, intereses, capacidades, aptitudes e expectativas. | | |
|--|--|--|--|

GRAO BÁSICO FP BÁSICA

| | TEMAS DE TRABAJO | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|---|---------------------|---|
| DO coas persoas titoras para o alumnado | <p>Fundamentalmente, se abordarán os temas que permitan que o alumno, a partir do coñecemento de sí mesmo e das posibilidades formativas que o entorno lle ofrece, poda tomar unha decisión consciente a largo prazo sobre seu futuro académico e profesional e a curto prazo para realizar unha elección axeitada do itinerario académico ou profesional</p> <p>Para ello se traballará en dúas vertentes:</p> <p>a) <u>Información</u>: o titor informará ao alumno sobre as saídas académicas e profesionais ao rematar o grao básico de F.P</p> <p>Formación Profesional de Grado Medio: familias profesionais; ciclos formativos existentes; estrutura; condicións de acceso. preferencia na admisión ao ciclo formativo de grao medio que se solicita. <u>Preferencias de acceso a grao medio desde FPB.</u></p> <p>Oferta de ciclos, calendario de solicitude de admisión.</p> <p>Outras medidas educativas conducentes á obtención do</p> | Terceiro trimestre. | <p>Se utilizarán as reunións de persoas titoras para preparar a información que hai que transmitir.</p> <ul style="list-style-type: none"> . Diferentes Guías do estudante . Materiais de Orientación e Tutoría . Programa Informático "Orienta" . Páxinas WEB: edu.xunta. . EDUGAL. . Blogue de orientación do centro. |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | <p>título de Graduado en Secundaria: Centro de Educación Permanente de Adultos para maiores 18 años y Educación Secundaria a Distancia Oferta laboral da contorna. Catálogo de profesións máis demandadas.</p> <p>b) <u>Toma de decisións</u> Seguimento da traxectoria educativa do alumno/a a través dos resultados académicos do grao básico de F.P. Traballo de autorreflexión sobre motivacións, intereses, capacidades, aptitudes e expectativas.</p> | | |
|--|--|--|--|

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

| | TEMAS DE TRABALO | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|---|---|--|
| <p>Os persoas titoras co apoio do DO para o alumnado. Atención individualizada a pais e alumnado por parte da orientador/a do Centro.</p> | <p>a) Información sobre saídas académicas e profesionais futuras: ● <u>Formación Profesional Específica de Grado Superior.</u> - Información sobre as Probas de acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior. - Requisitos de acceso á F.P de Grao Superior. - Estrutura da F.P. : Familias Profesionais, títulos, réximes e modalidades. - Validacións. - Becas. ● <u>Cursos de especialización:</u> Información e documentación, requisitos de acceso, calendario de admisión, oferta e procedementos b) Toma de decisións</p> | <p>2º Trimestre (antes do acceso á FCT)</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Materiais de Orientación - Programa Informático "Orienta". - Enlace da páxina de F.P edu.xunta. - CIUG. - "Elige tu futuro". EDT. Círculo de Progreso. 2013 - "Qué hacer al Acabar el bachillerato. Guía para no perderse". EDT. EOS. 2007. - Revista Profesional: "Entre estudiantes". - EDUGAL. - Blogue de orientación do centro. |

| | | | |
|--|---|--|--|
| | <p>- Seguimento da traxectoria educativa do alumno/a a través dos resultados académicos do curso e cursos anteriores.</p> <p>-Traballo de autorreflexión e autoconecemento sobre motivacións, intereses, capacidades, aptitudes e expectativas.</p> | | |
|--|---|--|--|

1º BACHARELATO

| | TEMAS DE TRABAJO | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|--|--|---------------------|--|
| Os persoas titoras co apoio do DO para o alumnado. | <p>III. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL</p> <p>Fundamentalmente, se abordarán os temas que permitan que o alumno, a partir do coñecemento de sí mesmo e das posibilidades formativas que o entorno lle ofrece, poda tomar unha decisión consciente a longo prazo sobre seu futuro académico e profesional e a curto prazo para realizar unha elección axeitada do itinerario académico ou profesional</p> <p>Para ello se traballará en dúas vertentes:</p> <p>a) Información:</p> <p>A curto prazo: completar o itinerario de 2º Bacharelato a través da elección de aquelas opción e optativas que máis se axusten ao seu perfil e aos seus intereses sobre seu futuro a medio prazo: Universidade ou Formación Profesional de Grao Superior.</p> | Terceiro trimestre. | <p>-Páxina de Formación Profesional</p> <p>- Materiais de Orientación e Titoría</p> <p>- Programa informático "Orienta"</p> <p>-Guías e documentos informativos sobre universidades e plans de estudo.</p> <p>-"Elige tu futuro". Edt. Círculo de Progreso. 2014</p> <p>- Rodríguez Moreno: "Orientación Profesional y Acción Tutorial en las Enseñanzas Medias." EDT. Narcea.</p> <p>- Revista Profesional: "Entre estudiantes".</p> <p>- CIUG.</p> <p>- Programa A Ponte.</p> <p>- UDC, UVIGO, USC.</p> <p>- EDUGAL.</p> <p>- Blogue de orientación do centro.</p> |

| | | | |
|--|---|--|--|
| | <p>Sesión informativa sobre os contenidos de la Proba de Acceso á Universidade (ABAU)</p> <p>b) Toma de decisións</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seguimento da traxectoria educativa do alumno/a a través dos resultados académicos do curso e cursos anteriores. -Traballo de autorreflexión e autoconñecemento sobre motivacións, intereses, capacidades, aptitudes e expectativas. | | |
|--|---|--|--|

2º BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

| | TEMAS DE TRABAJO | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|--|--|--------------------------|---|
| <p>Os persoas titoras co apoio do DO para o alumnado. Atención individualizada a pais e alumnado por parte da orientador/a do Centro.</p> | <p>a) Información sobre saídas académicas e profesionais futuras:</p> <p><u>Acceso á Universidade para o alumnado de Bacharelato e Ciclos Superiores de Formación Profesional:</u></p> <p>Sesión informativa sobre a Proba de Acceso á Universidade (ABAU)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Datas, Protocolo, Distrito Aberto, Preinscrición... - Notas de Corte nas distintos graos universitarios. - Ponderacións. - Información sobre os enlaces para os distintos plans de estudos das titulacións - Información sobre saídas e fluctuación do mercado laboral respecto ás distintas opcións. <p><u>Formación Profesional Específica de Grado Superior.</u></p> | <p>2º y 3º Trimestre</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Materiais de Orientación - Enlaces ás universidades do SUG. - Programa Informático "Orienta". - Enlace da páxina de F.P edu.xunta. - CIUG. - "Elige tu futuro". EDT. Círculo de Progreso. 2013 - "Qué hacer al Acabar el bachillerato. Guía para no perderse". EDT. EOS. 2007. - Revista Profesional: "Entre estudantes". - Programa A Ponte, charlas das universidades. - EDUGAL. - Blogue de orientación do centro. |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">- Información sobre as Probas de acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior.- Requisitos de acceso á F.P.- Estrutura da F.P. : Familias Profesionais, títulos, réximes e modalidades.- Información sobre modalidades de bacharelato preferentes e materias vinculadas para o acceso a ciclos de grao superior.- Validacións dos ciclos superiores de FP e os estudos universitarios.- Becas- Premios extraordinarios de FP de grao superior e Premios extraordinarios de Bacharelato. <p><u>Cursos de especialización:</u> Información e documentación, requisitos de acceso, calendario de admisión, oferta e procedemento.</p> <p>b) Toma de decisións</p> <ul style="list-style-type: none">-Traballo de autorreflexión e autoconecemento sobre motivacións, intereses, capacidades, aptitudes e expectativas. | | |
|--|--|--|--|

7.6.- PLAN DE CONVIVENCIA:

O Centro conta cun Plan de Convivencia. O Departamento de Orientación colaborará activamente na súa implementación e revisión. A continuación, expoñemos as principais actuacións do departamento de orientación con respecto a este Plan:

7.6.1.- A MEDIACIÓN ESCOLAR:

Este curso retomaremos as formacións levadas a cabo os cursos anteriores co alumnado que forma parte do Equipo de Mediación Escolar, estarán encamiñadas a continuar co proxecto de Mediación Escolar no noso centro.

Tamén se levará a cabo un novo curso de formación de mediadores con trece alumnos/as que se inscribiron o curso pasado. No terceiro trimestre, realizarase unha saída coa finalidade de establecer vínculos entre todos os integrantes do Equipo de Mediación Escolar.

Definición de Mediación:

A mediación enténdese como un proceso de resolución de conflitos no que dúas partes enfrontadas recorren voluntariamente a unha terceira imparcial, mediador ou mediadora, para chegar a un acordo satisfactorio. Trátase dun método que promove a busca de solucións nas que as dúas partes implicadas obteñen un beneficio, evitando a postura antagónica de gañador-perdedor.

Obxectivos:

- Favorecer que o alumnado se sinta integrado no centro, formando parte activamente do mesmo.
- Desenvolver habilidades e estratexias que permitan a mellora da convivencia.
- Empregar o diálogo e a mediación como medio para a resolución pacífica de conflitos.
- Aprender estratexias para a resolución dos problemas de forma pacífica.
- Desenvolver habilidades sociais que melloren as relacións e fomenten a comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Potenciar a autoestima entre os membros do alumnado para evitar frustracións individuais.
- Divulgar e promocionar sistemas de autocontrol persoal para evitar reaccións espontáneas de carácter impulsivo ou violento que sexan unha potencial fonte de conflitos.
- Establecer de forma habitual espazos e vías de negociación para que se contemple como maneira habitual de actuación e resolución de conflitos.
- Aprender a negociar e a chegar a acordos respectando as posicións de todas as partes.
- Aprender a respectar os acordos e utilizar os instrumentos axeitados para esixir ás outras partes que tamén os respecten.

Equipo de Mediación:

Para poder aplicar este método de resolución pacífica de conflitos, o centro conta cun grupo de Mediación Escolar, que está constituído pola xefa de estudos, a orientadora e 45 alumnos e alumnas que se inscribiron e realizaron os sucesivos cursos de formación.

Funcións:

- Levar a cabo as mediacións.
- Gardar confidencialidade das actuacións realizadas.

- Levar a cabo tutoría entre iguais, sobre todo, co alumnado que se acaba de incorporar ao centro.
- Elaborar materiais de difusión e información sobre o funcionamento do Equipo de Mediación.
- Diseñar e levar a cabo campañas de divulgación sobre a mediación escolar e animar ao novo alumnado a inscribirse no curso de formación.
- Promover a inserción da mediación nos documentos do Centro.
- Colaborar cos titores/as e co profesorado en xeral, nos casos de grupos especialmente conflitivos para establecer un plan de actuación.
- Colaborar cos titores/as e co profesorado en xeral, nos casos de grupos especialmente conflitivos para establecer un plan de actuación.
- Colaborar co Comisión de Convivencia do Consello Escolar no desenvolvemento das súas funcións.
- Elaborar e desenvolver un plan de avaliación do funcionamento da mediación.

7.6.2.- ESPAZO DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA:

Obxectivo: Atender, nun lugar específico, o alumnado que presenta condutas disruptivas impedindo o normal desenvolvemento da clase, para que realice tarefas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

Perfil: Alumnado da ESO e de FP Básica que presente condutas disruptivas.

Organización:

- Será derivado ao espazo de Convivencia o alumnado que cumpra as seguintes condicións:
 - o Que sexa reincidente na súa actitude e conduta contra as normas de convivencia.
 - o Subscribir un Compromiso de Convivencia que implique directamente traballar algún dos obxectivos no espazo en Prol da convivencia.
 - o Presentar deficiencias na súa autoestima, autocontrol, relacións persoais, disposición cara ás tarefas escolares ou integración escolar e/ou social.
 - o A expulsión non favorecería a corrección da conduta e non é percibida polo alumno ou alumna como un castigo.
 - o A atención no Espazo da Convivencia pode mellorar a súa actitude e sen esta atención non se garante que se manteña o seu proceso educativo.
- O orientador ou orientadora:
 - o Programará as actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte de cada alumno ou alumna que sexa atendido no espazo asignado, e entregaraas, nos prazos estipulados, ao titor/a.
- Comunicación á familia: O titor/a comunicará á familia por escrito e en entrevista persoal, se é posible, ou telefónica a resolución de derivación do alumno/a ao Espazo de Convivencia, indicando o motivo, os obxectivos, o número de días e o número de horas, así como as actividades formativas e de reflexión que realizará.

7.6.3.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS E COMPETENCIAS SOCIAIS:

As competencias e as habilidades sociais representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero, desenvolvemos este programa de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado.

Obxectivos:

- Promover a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e sentimentos e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia.
- Transmitir ao alumnado os compoñentes da comunicación humana (verbal e non verbal).
- Ensinar ao alumnado a manexar as técnicas básicas da comunicación eficaz.
- Favorecer a incorporación de condutas socialmente desexables na vida cotiá do alumnado.

Perfil:

- A totalidade do alumnado do centro. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas, materias, ámbitos ou módulos e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

Organización:

- Plan de HHSS forma parte do Plan de Actividades do Departamento de Orientación e está ligado ao Plan de Acción Titorial, estando implícito en todas as actividades de tutoría que se realizan ao longo do curso.
- As HHSS son traballadas na aula polo profesorado titor e polo profesorado das distintas materias.
- Nos casos nos que este traballo sexa insuficiente o Departamento de Orientación encargárase directamente dun traballo máis intensivo co alumno ou alumna ou co grupo completo.

Avaliación:

- A avaliación levarase a cabo ao longo de todo o proceso para ir introducindo as modificacións oportunas para a mellora do programa. Nela participarán alumnado, profesorado e Departamento de Orientación.

7.6.4.- PROGRAMA ESPECÍFICO DE HABILIDADES SOCIAIS:

Para a elaboración das liñas xerais do mencionado programa, basearémonos na proposta de AVANCEMOS (ensinanza de Habilidades Sociais para Adolescentes (12-18 anos), publicado polo grupo Albor-Cohs) que será adaptado a cada caso concreto:

Obxectivo Xeral:

- Adquirir habilidades cognitivas, instrumentais e de control emocional que permitan ao alumnado desenvolverse con eficacia en diferentes contextos

Obxectivos:

- Identificar estados emocionais.
- Desenvolver habilidades de control emocional.
- Dominar habilidades xenéricas utilizadas en todas as interaccións: expresarse de maneira eficaz e mostrarse receptivos ao que nos comunican.
- Iniciar e manter relacións mutuamente beneficiosas.
- Resolver situacións conflitivas de forma pacífica.
- Aceptar as consecuencias do propio comportamento.
- Incrementar a seguridade nun mesmo.
- Desenvolver un estilo asertivo.

Perfil:

Alumnado de ESO e FPB remitido reiteradamente ao espazo de atención educativa e convivencia e/ou sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Organización:

O traballo individualizado realízase preferiblemente nas sesións de titoría, nos recreos...; non obstante, haberá que adaptarse a cada caso concreto.

Bloques de Contidos:

- Aprendendo a comunicarse dunha maneira eficaz.
- Manexo da ansiedade.
- Mantemento de relacións cos iguais.
- Facer fronte ás provocacións.
- Seguridade nun mesmo e Asertividade.

Metodoloxía:

A aplicación do Programa será flexible, adaptándose ás características do alumnado co que se leve a cabo.

Trátase dunha metodoloxía caracterizada pola aprendizaxe a través da experiencia. En cada sesión de traballo o alumnado “vivirá” unha experiencia que lle permitirá adquirir os contidos fixados para a mesma.

A estratexia que se segue en cada sesión será:

- Análise de diferentes situacións: Identificaremos os elementos relevantes da situación de interacción social, valorando as consecuencias obtidas desexables/non desexables para un mesmo e para os demais.
- Presentación de diferentes alternativas de resposta: Buscaremos opcións para responder a esta situación para sentirmos ben con nós mesmos e cos demais.
- Análise de novas propostas: Valoración das consecuencias obtidas coas novas alternativas de resposta.
- Toma de decisións: ¿Desexo para min as consecuencias que poden obter se modifico o meu actual modo de resposta?
- Práctica da nova habilidade: Co obxectivo de xeneralizar e consolidar as aprendizaxes.

Avaliación:

Ao final de cada programa levado a cabo, faráselle un seguimento ao alumnado para constatar a xeneralización das habilidades traballadas. Para tal fin, contaremos coa estreita colaboración das familias, dos titores/as, do profesorado en xeral e do persoal non docente.

Os instrumentos utilizados serán a observación directa, entrevistas e cuestionarios. Este curso retomaremos as formacións iniciadas o curso anterior encamiñadas a continuar co proxecto de Mediación Escolar no noso centro.

O curso de Mediación que se iniciou o curso pasado, finalizarase o antes posible e levarase a cabo a xornada de convivencia que quedou pendente. Esta saída realizarase coa finalidade de establecer vínculos entre os integrantes do Equipo de Mediación Escolar.

7.7.- PLAN ANTIACOSO ESCOLAR

O departamento de orientación ten elaborado un Protocolo Antiacoso Escolar. Pódese consultar no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesluisseoane/?q=system/files/PROTOCOLO%20ACOSO%20ESCOLAR%20IES%20LU%20C3%28DS%20SEOANE.%20PLAN%20DE%20CONVIVENCIA.pdf>

7.8.-PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL IES LUÍS SEOANE

O departamento de orientación ten elaborado un Protocolo Antiacoso Escolar. Pódese consultar no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesluisseoane/?q=system/files/PLAN%20DE%20BENESTAR%20EMOCIONAL%20%202023.pdf>

7.9.- COLABORACIÓN COS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN:

A xefa do Departamento de Orientación colaborará estreitamente cos programas establecidos polos Equipos de Orientación Específicos e presentará as demandas oportunas aos distintos especialistas do mesmo.

A xefa do Departamento de Orientación colaborará estreitamente co drdoriente facilitando, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática.

8- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Este curso escolar, a programación de actividades complementarias e extraescolares do Departamento de Orientación será a seguinte:

- **Visita a EDUGAL:**
 - Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de bacharelato e ciclos de FP
 - Temporalización: 4, 5 e 6 de outubro.
- **Visita ao CIFP Montecelo:**
 - Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 2º e 3º de ESO, susceptible de ser derivado a unha FP Básica, e alumnado de 4º de ESO interesado en cursar un Ciclo Medio.
 - Temporalización: Na semana de portas abertas do IES Montecelo.
- **Visita aos Ciclos de FP do noso instituto:**
 - Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 2º e 3º de ESO, susceptible de ser derivado a unha FP Básica, alumnado de 4º de ESO interesado en cursar un Ciclo Medio e alumnado de Bacharelato interesado en cursar un Ciclo Superior das familias profesionais de Administración e Xestión e Comercio e Márketing.
 - Temporalización: No terceiro trimestre.
- **Visita ao Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo:**
 - Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de Bacharelato e de 2º curso de Ciclos Superiores.
 - Temporalización: Nas Xornadas de Portas Abertas da Universidade de Vigo.
- **Charlas sobre Graos Universitarios vinculados coas familias profesionais de Administración e Xestión e Comercio e Márketing:**
 - Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de Bacharelato e Ciclos Superiores.
 - Temporalización: Por determinar.
- **Curso de formación de Mediadores Escolares:**
 - Alumnado ao que vai dirixido: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO do Equipo de Mediación Escolar ou que estea interesado en formar parte do mesmo.
 - Temporalización: Por determinar.
- **Saída Mediación Escolar:**
 - Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO e Bacharelato que forme parte do Equipo de Mediación Escolar.
 - Temporalización: Por determinar.
- **Actividades do Programa de prevención de condutas adictivas do Concello:**
 - Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Ciclo Básico de Servizos comerciais.
 - Temporalización: No segundo e terceiro trimestre.

- **Charlas ofertadas polo Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos:**
 - o Alumnado ao que vai dirixida: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Ciclo Básico de Servizos comerciais. Tamén se vai solicitar esta actividade para os pais/nais/titores do mencionado alumnado.
 - o Temporalización: Por determinar.

Actividades no marco do Contrato-Programa IGUÁLA-T:

Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes.

Perfil: Todo o alumnado escolarizado no instituto.

Actividades no marco do Contrato-Programa INCLÚE-T:

Desenvolveranse medidas que fomenten e melloren a inclusión no centro dirixidas: á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade.

Perfil: Todo o alumnado escolarizado no instituto.

Ademais das actividades reseñadas, poden xurdir outras ao longo do curso que nos poidan ofertar e consideremos que se axustan ao establecido no PAT do noso Centro.

9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación do Plan de Orientación terá carácter continuo e formativo, de maneira que se vaia axustando ás necesidades reais de orientación do centro.

Como **criterios xerais de avaliación** teremos en conta:

- Adecuación do Plan ás necesidades reais do Centro.
- Logros acadados con referencia aos obxectivos previstos e estratexias empregadas.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos integrantes da comunidade educativa.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.
- Eficacia dos medios empregados.
- Satisfactoriedade: relación entre o desexado e o acadado.
- Progreso: relación entre as actuacións previstas e as efectivas.

Con tal fin, establécense unha serie de **indicadores de avaliación** relacionados cos distintos ámbitos de traballo. Utilizaremos os datos subministrados por:

- Persoas implicadas no seu desenvolvemento: departamento, titores, profesores.
- Destinatarios: profesores, alumnos, pais.

Os **instrumentos** básicos para a recollida de datos serán:

- Escalas, cuestionarios e indicadores específicos para cada ámbito.
- Entrevistas con implicados, recollendo por escrito as aportacións e valorando as posteriormente.
- Valoración externa do funcionamento do propio Departamento como equipo de traballo (Equipo Directivo, Claustro, alumnado, ANPA...)

En virtude dos resultados reflectidos nas avaliacións pertinentes e das melloras introducidas, ao remate do proceso elaborárase a Memoria do Departamento, onde se recollerán os resultados obtidos en cada ámbito, así como as propostas de cara ao seguinte curso escolar coa finalidade de desenvolver, implementar e mellorar as actuacións do Departamento de Orientación.

Pontevedra, 20 de setembro 2023

A Orientadora

A Xefa do Departamento de Orientación

Asdo: Ana Berdeal Fernández.

Asdo: M^a del Pilar Crespo Boulosa.

10- ANEXO: PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

PROGRAMACIÓN

AULAS PEDAGOXÍA

TERAPÉUTICA

ESPECIALISTAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

MARIA PILAR LÓPEZ LAGO - PT₁

ALBA LAGO VILASÓ - PT₂

(PROFESORA SUBSTITUTA DE CRISTINA MARTÍN MOREIRA)

CURSO 2023 / 2024

IES LUIS SEOANE

INDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADES DO ALUMNADO
3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS AULAS DE PT
4. TEMPORALIZACIÓN
5. OBXECTIVOS, CONTIDOS E COMPETENCIAS
6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS
7. RECURSOS
8. AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A programación da Aula de Pedagogía Terapéutica é a ferramenta de traballo do profesorado de PT para dar resposta á diversidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, (NEAE), escolarizado no centro. É o punto de partida para deseñar actuacións que posibiliten responder de forma axustada e individualizada á diversidade do alumnado e polo tanto, recóllese no Proxecto Educativo de Centro (PEC) e inclúese na Programación Xeral Anual (PXA); onde quedan plasmadas as accións a levar a cabo durante o curso 2023/24.

Como mestras especialistas de pedagogía terapéutica e membros do departamento de orientación (DO), participamos da súa elaboración xa que a resposta á diversidade non é responsabilidade única destas especialistas; require da implicación, colaboración e coordinación de toda a comunidade educativa e máis concretamente do equipo docente, profesorado titor, profesores de área, equipo directivo, departamento de orientación, servizos externos e familias.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADES DO ALUMNADO

No IES Luís Seoane impártense as seguintes etapas do sistema educativo: ESO, Bacharelato e FP.

O alumnado de 1º ESO procede, segundo a rede de centros, dos centros de Educación Primaria adscritos: o CEP Marcos da Portela, situado no barrio de Monte Porreiro, o CEIP Santo André de Xeve e o CEIP Daria González García. A meirande parte do alumnado deste centro está interno na Cidade Infantil Príncipe Felipe e caracterízase por presentar NEAE derivadas dunha gran problemática social, emocional, de conduta e por presentar un baixo nivel de competencia curricular.

Temos que salientar que, ademais destes colexios, o alumnado procede dunha gran variedade de centros educativos da provincia e doutros países. Este alumnado é escolarizado directamente pola Comisión de Escolarización, conxuntamente co alumnado adscrito que non solicita a admisión e a matrícula en prazo. Este feito dificulta enormemente o labor organizativo e educativo xa que pode chegar alumnado ao longo do curso escolar. Ademais, xeralmente presentan importantes necesidades que

se suman ás existentes no centro.

O IES ten como sinal de identidade a atención á diversidade do alumnado, para lograr que acade o maior nivel de desenvolvemento das súas capacidades e logre as competencias necesarias para obter o título correspondente.

Partindo dunha análise exhaustiva determinamos as seguintes necesidades tendo en conta os niveis de intervención: contexto, centro e alumnado.

Necesidades do alumnado:

- Fomentar a convivencia baseada na tolerancia e respecto mutuo.
- Educar na solidariedade, a colaboración e a comprensión ante a diferenza e inculcar a necesidade de compartir actitudes e valores coa súa comunidade.
- Concienciar ao alumnado no respecto e conservación do medio que o rodea.
- Valorar o coidado e hixiene persoal, interiorizando a normativa dos protocolos Covid.
- Incrementar habilidades comunicativas e habilidades sociais.
- Primar o esforzo, a actitude e os valores por enriba do rendementos académico.
- Diseñar os programas de intervención tendo en conta as necesidades do alumnado favorecendo desenvolvemento das competencias.
- A nivel educativo, establecer os canles de comunicación e coordinación co profesorado de cada materia para impartir e reforzar os contidos non traballados na etapa de confinamento

3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS AULAS DE PT

As mestras especialistas en pedagogía terapéutica pertencen ao Departamento de Orientación, segundo o **D.120/98**, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional e desenvólvese na **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.

Entre as nosas funcións destacamos:

- Co alumnado: intervir co ACNEAE de forma individual ou en grupo e dentro ou fora da aula pero preferiblemente no grupo clase.
- Co profesorado titor, de área ou materia: colaborar en elaboración conxunta de

ACS, no deseño de materiais específicos, nas adaptacións metodolóxicas e organizativas, e na avaliación e promoción.

- Cos demais profesores/as e claustro: propoñer medidas que unifiquen criterios de actuación para ACNEAE.
- Cos servizos de orientación: facilitar coordinacións entre profesorado e servizos de apoio.
- Coa familia e cos servizos externos ao centro: colaborar co profesorado titor para informar e orientar sobre cuestións relevantes do desenvolvemento do alumnado.

Tamén recollemos as **funcións específicas** que realizaremos como mestras de PT segundo as recollidas na **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **D.229/2011** de atención á diversidade:

- Colaborar coa XDO na **proposta de organización da docencia** de apoio.
- Prestar **atención docente directa ao alumnado con NEE**, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola XDO á xefa de estudos e autorizada pola dirección do centro. Esa atención en ningún caso substituirá á do profesor titor/ área/ materia en que o alumno/a reciba apoio.
- Elaborar os **programas de intervención** para o alumnado que atende, segundo as directrices da PXAD, en colaboración co profesorado da área ou materia que corresponda segundo a orientación e o asesoramento da XDO.
- Colaborar, de ser o caso, na elaboración das AC do alumnado que atende, así como o seu seguemento e avaliación.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das **actuación e das medidas** que favorezan á inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás **sesión de avaliación** do alumnado que atende con voz e sen voto.
- Elaborar ó fin de curso, un **informe individual**, de cada alumno a quen prestase apoio coordinado pola XDO e segundo o modelo facilitado polo DO que se inluirá no seu expediente.
- Aqueloutras **funcións que a Administración educativa**, dentro do ámbito das súas competencias lle poidan asignar referidas á inclusión, á orientación e á Atención á diversidade.

Inicialmente comezamos o curso escolar 2023/24 cunha previsión de 23 alumnos/as que

presentan Necesidades Específicas de Apoio Educativo, escolarizados en 1º, 2º e 3º da ESO, que recibirán apoio do profesorado de PT e, nalgúns casos, con situacións socioeconómicas e familiares complexas que precisan dunha resposta axustada e individualizada as súas necesidades e características para poder seguir o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Entre eles destacamos os seguintes:

- Un alumno con discapacidade sensorial auditiva integrados en 3º da ESO . Utiliza audífono e emisora.
- Un alumno con discapacidade visual en 2º.
- Once alumnos con previsión de ACS
- Nove alumnos con RE e distintas problemáticas: TEA, TDAH, TEL, Dislexia, Problemas de conducta...

Tendo en conta isto, apróbase a continuidade dunha segunda profesora especialista de PT que se incorpora ao centro coa intención de axudar a atender de xeito mais eficaz e eficiente ao devandito alumnado, aínda así é complicado cubrir a resposta da totalidade de alumnado.

A relación de alumnos/as que presentan Necesidades Específicas de Apoio Educativo previstos para recibir apoio do profesorado de PT recóllense no seguinte cadro:

| Alumnado | CURSO | Nº horas | | RE | ACS | Plan de intervención específico |
|------------|-------|-----------|---------|----|-----|---------------------------------|
| | | PT Dentro | PT Fóra | | | |
| Alumno/a 1 | 1ºA | 3 | 4 | X | -- | -- |
| Alumno/a 2 | | 3 | 4 | -- | X | -- |
| Alumno/a 3 | | 3 | 2 | X | -- | X |
| Alumno/a 1 | 1ºB | 3 | 1 | X | -- | -- |
| Alumno/a 2 | | 3 | 4 | -- | X | -- |
| Alumno/a 3 | | 3 | 1-2 | X | -- | X |
| Alumno/a 1 | 1ºC | 3 | 2 | X | -- | -- |
| Alumno/a 2 | | 3 | 4 | -- | X | -- |
| Alumno/a 3 | | 3 | 1-2 | X | -- | X |
| Alumno/a 1 | 2ºA | 4 | 3 | -- | X | -- |
| Alumno/a 2 | | 4 | 3 | -- | X | -- |
| Alumno/a 3 | | 6 | -- | X | -- | X |

| | | | | | | |
|------------|------|----|-----|----|----|----|
| Alumno/a 1 | 2ºB | -- | 8 | -- | X | -- |
| Alumno/a 1 | 2ºC | 3 | 3 | -- | X | -- |
| Alumno/a 2 | | -- | 8 | -- | X | X |
| Alumno/a 3 | | -- | 8 | -- | X | X |
| Alumno/a 1 | 2ºD | 3 | 4-5 | -- | X | -- |
| Alumno/a 2 | | 3 | 1 | X | -- | X |
| Alumno/a 3 | | 3 | 4-5 | -- | X | X |
| Alumno/a 1 | 3ºC | 2 | 1 | X | -- | X |
| Alumno/a 2 | | 2 | -- | X | -- | X |
| Alumno/a 1 | 3º D | 4 | -- | X | -- | -- |
| Alumno/a 2 | | 2 | -- | X | -- | X |

Na elaboración da proposta de organización da docencia de apoio tívose presente priorizar a atención ao alumnado con NEE seguido da atención ao alumnado con NEAE; así como, os criterios recollidos na PXAD.

Para organizar a resposta educativa das aulas de PT, compre destacar que nelas aténdese ao **alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, sendo preferente a atención do **alumnado con necesidades educativas especiais**, en función da lexislación vixente.

As intervencións das especialistas en pedagogía terapéutica perseguen o obxectivo de ofrecer unha atención individualizada e axustada ao alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo tendo en conta ao conxunto de alumnos anteriormente descritos.

A proposta de organización de apoios foi realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación coa participación do profesorado titor, ademais profesorado do grupo e profesoras especialistas en PT, de acordo cos criterios establecidos na Plan Xeral de Atención á Diversidade. Citando entre outros:

- Alumnado obxecto dunha adaptación curricular significativa.
 1. Alumnado con NEAE.
 2. Atenderase primeiro ao alumnado que permaneceu un ano máis en calquera curso.
 3. Continúase co alumnado que recibiu apoio o curso anterior.

O noso apoio levarase a cabo tal como ven recollido na **Orde do 8 de setembro de 2021**, dentro da aula ordinaria do alumnado que apoia. No caso do apoio **fóra da aula ordinaria**, esa atención, terá carácter **excepcional**, deberá contar con informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanas, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada materia agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en **pequeno grupo, cun máximo de 5 alumnos/as** de forma simultánea.

Co obxectivo de aproveitar os recursos procurouse, na medida do posible, ter en conta os seguintes criterios na elaboración dos horarios:

- O nº de sesións de apoio será proporcional ao desfase curricular existente en cada materia e das necesidades educativas específicas, é dicir, canto maior sexa o desfase e os programas individualizados que haxa que aplicar, máis nº de sesións serán atendidos nas aulas de PT.
- Terase en conta o nº total de sesións asignadas a cada área, para que exista unha proporción entre as sesións da aula de referencia e as sesións nas aulas de PT.
- Priorizarase a saída as aulas de PT nas sesións correspondentes ás áreas instrumentais, lingua castelá e galega, matemáticas, e nas sesións correspondentes a exención da segunda lingua estranxeira

A previsión de **horario** é a comezo de curso é a seguinte:

| PT-1 | Apelidos e Nome | | LÓPEZ LAGO, MARÍA PILAR | | | |
|--------|-----------------|------|---|---|--|---|
| Sesión | Hora | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 1ª | 9:00- 9:50 | | | Alumno 1(3°C) Alumno 2(3°C) AAO - LC | | |
| 2ª | 9:50- 10:40 | | Alumno 1(2ªA) Alumno 2(2ªA) AAO – Mat | Alumno 1(2ªA) Alumno 2(2ªA) Alumno 3(2ªA) AAO - LC | Alumno 1(2ºB) (LG) Alumno 1(2°C) Alumno 2(2°C) Alumno 3(2°C) AAPT - Mat | Alumno 1(2ªA) Alumno 2(2ªA) Alumno 3(2ªA) AAO - LG |

| | | | | | | |
|-----------|--------------------|---|---|--|--|---|
| 3ª | 10:40-11:30 | | Alumno 1(2ºB) (Mat) Alumno 1(2ºA) Alumno 2(2ºA) (Re L) AAPT – LG | Alumno 1(2ºB) Alumno 2(2ºC) Alumno 3(2ºC) (LG) AAPT – Mat | Alumno 1(2ºA) Alumno 2(2ºA) Alumno 3(2ºA) AAO - Mat | Alumno 1(2ºC) Alumno 2(2ºC) Alumno 3(2ºC) AAPT - LC |
| 4ª | 12:00-12:50 | Alumno 1(2ºA) Alumno 2(2ºA) Alumno 3(2ºA) AAO - Mat | COORDINAC. PT ELABORAC. MATERIAIS | Alumno 1(2ºA) Alumno 2(2ºA) Alumno 3(2ºA) AAO - FiQui | Alumno 1(2ºB) AAPT - LC | Alumno 1(3ºC) Alumno 2(3ºC) AAO - LG |
| 5ª | 12:50-13:40 | Alumno 1(2ºC) Alumno 2(2ºC) Alumno 3(2ºC) AAPT - FiQui | Alumno 1(2ºC) AAPT – LG Alumno 2(2ºC) Alumno 3(2ºC) AAPT – IL | Alumno 1(2ºB) (FiQui) AAPT – LG Alumno 1(2ºC) AAPT – LG Alumno 2(2ºC) Alumno 3(2ºC) AAPT – IL | Alumno 1(3ºC) Alumno 2(3ºC) AAO - LG | ATENC. NAIS/PAIS |
| 6ª | 13:40-14:30 | Alumno 1(2ºB) (LC) AAPT - XeHi | Alumno 1(2ºB) (LG) AAPT - FiQui | Alumno 1(2ºB) (XeHi) AAPT – LC Alumno 1(2ºC) AAPT - LC Alumno 2(2ºC) Alumno 3(2ºC) AAPT – IL | | Alumno 1(2ºA) Alumno 2(2ºA) Alumno 1(2ºC) Alumno 2(2ºC) Alumno 3(2ºC) AAPT - Mat |
| 7ª | 16:30-17:20 | | | | | |
| 8ª | 17:20-18:10 | | | | | |

Nomenclatura: AAO (Apoio en aula ordinaria), AAPT (apoio en aula de Pedagogía Terapéutica), Re L (exención de francés: programa de reforzo de linguas), LC (lingua castelá), LG (lingua galega), Mat (matemáticas), BiXe (bioloxía e xeoloxía), XeHi (xeografía e historia) FiQui (física e química) e IL (inmersión lingüística)

| PT-2 | Apellidos e Nome | | CRISTINA MARTÍN MOREIRA | | | |
|--------|------------------|---|---|--|--|---|
| Sesión | Hora | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 1ª | 9:00-9:50 | | | Alumno1(1ºC) Alumno2(1ºC) Alumno3(1ºC) Alumno1(2ºD) Alumno3(2ºD) AAPT – Mat | Alumno1(1ºA) Alumno2(1ºA) Alumno1(1ºB) Alumno2(1ºB) (BiXe-Mat) AAPT – BiXe | |
| 2ª | 9:50-10:40 | Alumno1(2ºD) Alumno2(2ºD) Alumno3(2ºD) AAO - LG | Alumno1(1ºA) Alumno2(1ºA) Alumno3(1ºA) Alumno1(1ºB) Alumno2(1ºB) AAPT - LC | Alumno1(1ºA) Alumno2(1ºA) Alumno3(1ºA) AAO - Mat | Alumno1(1ºA) Alumno2(1ºA) Alumno1(1ºB) Alumno2(1ºB) (Mat-BiXe) AAPT – Mat | Alumno1(2ºD) Alumno3(2ºD) AAO – FiQui |
| 3ª | 10:40-11:30 | Alumno1(1ºB) Alumno2(1ºB) Alumno3(1ºB) AAO - LG | Alumno1(2ºD) Alumno3(2ºD) AAPT - LG | Alumno1(1ºA) Alumno2(1ºA) Alumno3(1ºA) AAO - Mat | ATENC. NAIS/PAIS | Alumno1(1ºC) Alumno2(1ºC) Alumno3(1ºC) Alumno1(2ºD) Alumno3(2ºD) AAPT - LG |
| 4ª | 12:00-12:50 | Alumno1(1ºB) Alumno2(1ºB) Alumno3(1ºB) AAO - Mat | COORDINAC. PT ELABORAC. MATERIAIS | Alumno1(2ºD) Alumno3(2ºD) AAPT – LG Alumno2(1ºC) AAPT – Bi/Xe | Alumno1(1ºA) Alumno2(1ºA) Alumno3(1ºA) AAO - LC | Alumno1(1ºA) Alumno2(1ºA) Alumno3(1ºA) Alumno1(1ºB) Alumno2(1ºB) AAPT - LC |
| 5ª | 12:50-13:40 | Alumno1(1ºB) Alumno2(1ºB) Alumno3(1ºB) AAO - LC | Alumno1(1ºC) Alumno2(1ºC) Alumno3(1ºC) AAO - Mat | | Alumno1(1ºC) Alumno2(1ºC) Alumno3(1ºC) AAO - LC | Alumno1(2ºD) Alumno2(2ºD) Alumno3(2ºD) (Re L) AAPT - LC |
| 6ª | 13:40-14:30 | | | | Alumno1(2ºD) Alumno2(2ºD) Alumno3(2ºD) AAO – LC | Alumno1(1ºC) Alumno2(1ºC) Alumno3(1ºC) Alumno1(2ºD) Alumno3(2ºD) AAPT - LC |
| 7ª | 16:30-17:20 | | | | | |
| 8ª | 17:20-18:10 | | | | | |

Nomenclatura: AAO (Apoio en aula ordinaria), AAPT (apoio en aula de Pedagogía Terapéutica), Re L (exención de francés: programa de reforzo de linguas), LC (lingua castelá), LG (lingua galega), Mat (matemáticas), BiXe (bioloxía e xeoloxía), XeHi (xeografía e historia) FiQui (física e química) e IL (inmersión lingüística)

A organización das aula de PT terá carácter flexible, e poderá ser modificada en base a necesidades que xurdan ó longo do curso académico. De feito, os horarios anteriormente expostos, poderán sufrir en breve modificacións, en función dos resultados das avaliacións diagnósticas.

En resumo, o horario das especialistas de PT para o presente curso estruturase así:

- Docencia: 21 sesións.
- Atención a familias: 1 sesión.
- Coordinación-elaboración de materiais, pt1 e pt2: 1 sesión.
- Reunión DO, a partir da modificación da xornada laboral da **Orde do 23 de xuño de 2011**, non forma parte das horas presenciais, senón das 7 horas que van das 23 ata as 30, lévase a cabo o **martes de 18:10 a 19:00**.
- Gardas: ningunha, priorízase a atención ao ACNEAE.

4. TEMPORALIZACIÓN

| CALENDARIO DE ACTUACIÓNS PREVISTAS CURSO 2022-2023 |
|---|
| SETEMBRO |
| <ul style="list-style-type: none">- Avaliación inicial 1º, 2º e 3º da ESO (detección de necesidades, medidas a adoptar...)- Asistencia a reunións do equipo docente.- Revisión da memoria final da aula de apoio e dos informes do alumnado- Elaboración da programación e horarios da APT- Toma de contacto co alumnado- Toma de decisións e planificación do traballo- Aplicación de probas para identificar o nivel de competencia curricular nas linguas e matemáticas e probas de velocidade e fluidez lectora- Recollida de información do alumnado e familias por mor de calquer tipo de confinamento |

| OUTUBRO |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de programas de intervención individualizados - Adopción das actuacións xurdidas das reunións de coordinación co departamento, profesorado implicado e titores - Revisión das ACS elaboradas e participar na elaboración e desenvolvemento das novas ACS - Reforzo na introdución do alumnado de 1º nas aulas virtuais. |
| NOVEMBRO |
| <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación continua |
| DECEMBRO |
| <ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisión na 1º avaliación ordinaria e propostas de mellora. - Preparación das rúbricas do alumnado con NEAE de 1ª avaliación. |
| XANEIRO |
| <ul style="list-style-type: none"> - Análise dos resultados obtidos na 1º avaliación e adopción de novas medidas - Reflexións sobre os resultados da avaliación: medidas adoptadas a nivel de obxectivos, contidos ou metodoloxía. - Avaliación continua |
| FEBREIRO |
| <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación continua. |
| MARZO |
| <ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisión na 2º avaliación e propostas de mellora. - Elaboración das rúbricas do alumnado con NEAE de 2ª avaliación. |
| ABRIL |
| <ul style="list-style-type: none"> - Análise dos resultados obtidos na 2º avaliación e adopción de novas medidas - Desenvolvemento da resposta educativa adaptada. - Avaliación continua. - Reflexións sobre os resultados da avaliación: medidas adoptadas a nivel de obxectivos, contidos ou metodoloxía. - Seguimento dos alumnos suxeitos de medidas de reforzo e adaptacións significativas do currículo. |
| MAIO |
| <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación continua. |
| XUÑO |
| <ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisión na avaliación final ordinaria e propostas de mellora. - Reflexións sobre os resultados da avaliación: medidas adoptadas a nivel de obxectivos, contidos ou metodoloxía. - Elaboración das rúbricas da avaliación final. - Elaboración dos informes finais de alumnado con NEAE - Elaboración da memoria final. |
| TODO O CURSO |
| <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da resposta educativa adaptada, seguimento e modificacións. - Elaboración, selección e organización de materiais |

- Atender ás demandas do alumnado e velar polo seu benestar socio emocional
- Favorecer a inclusión do alumnado no grupo clase e na vida do centro
- Seguimento e recollida sistemática de información do alumnado a través da observación directa
- Asesorar e apoiar ao profesorado na atención á diversidade
- Establecer canles de comunicación fluídas, coordinación e colaboración cos titores e profesorado de área implicado na atención do alumnado con NEAE, familias e servizos externos que competan, unificando criterios de actuación.
- Informar e asesorar o profesorado sobre a aplicación dos protocolos activados no centro para a atención do alumnado con NEAE.
- Participación nas sesións da avaliación, reunións DO, CCP, etc.
- Solicitar consentimento e informar as familias sobre as medidas de atención a diversidade a aplicar co seu fillo/a.
(RE fora da aula)
- Incentivar ao alumnado no uso e aproveitamento das competencias dixitais

5. OBXECTIVOS, CONTIDOS E COMPETENCIAS

Os obxectivos parten dunha avaliación previa das necesidades identificadas tendo en conta os tres niveis de intervención xa mencionados. Tanto os obxectivos como os contidos son de carácter flexibles e poderán ser susceptibles de modificacións e supresións, incluso poderanse engadir algún novo en función das competencias acadadas por parte do alumnado.

Obxectivos do contexto:

- Implicar as familias no proceso de ensinanza aprendizaxe e nas actividades de reforzo e apoio educativo dos seus fillos/as.
- Informar e asesorar as familias sobre distintas cuestións de interese: o proceso de ensinanza aprendizaxe a seguir, os servizos dos que dispón o centro, recursos externos, etc., proporcionándolles o apoio necesario.
- Contemplan a atención á diversidade nos distintos documentos do centro.

Obxectivos do centro:

- Participar na avaliación inicial co obxectivo de coñecer o seu nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe, motivación, intereses, etc. e valorar as NEAE existentes no centro.
- Participar na toma de decisións das reunións de claustro, CCP e aquelas de coordinación que sexan precisas.

- Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado mediante reforzos, adaptacións do currículo, desdobres, agrupamentos e outras medidas.
- Coordinar os criterios e procedementos para a toma de decisións sobre diferentes medidas de atención á diversidade, especialmente as adaptacións curriculares significativas.
- Poñer en marcha, implantar e avaliar os diferentes programas de apoio ó proceso de ensinanza aprendizaxe, destacando a súa función preventiva.
- Favorecer a coordinación e colaboración dos equipos docentes coa fin de homoxeneizar actuacións.
- Asesorar e apoiar ao profesorado na atención á diversidade: proporcionando información sobre as posibles medidas e pautas de intervención máis adecuadas co alumando.
- Participar no proceso de revisión, elaboración e desenvolvemento das adaptacións curriculares significativas.
- Colaborar na adaptación do material de uso común, buscar e deseñar material de elaboración propia para as áreas nas que sexa preciso.
- Colaborar na elaboración do informe individualizado.

Obxectivos do alumnado:

- Favorecer as competencias dixitais en concreto o uso da aula virtual e do E-dixgal.
- Deseñar os programas de intervención en función das necesidades do alumnado (comprensión e expresión tanto oral como escrita, cálculo, razoamento lóxico matemático, habilidades sociais, etc.). Recoller propostas de mellora.
- Realizar un seguimento do alumnado mediante instrumentos de avaliación non estandarizados: rexistros, rúbricas, etc. e ofrecerlle en cada momento a resposta educativa máis axustada ás necesidades detectadas.
- Establecer a modalidade de apoio máis adecuada para cada alumno/na (dentro ou fóra aula, apoio previo, simultáneo ou posterior ao proceso de ensino aprendizaxe).
- Velar polo benestar socio emocional do alumnado.
- Evitar, na medida do posible, o abandono e fracaso escolar do alumnado.

Tendo en conta os obxectivos expostos, establécense os contidos recollidos nos programas de intervención individualizados do alumnado. Os contidos teñen como referencia a consecución das competencias a través das diferentes áreas recollidas no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do BACH na Comunidade Autónoma de Galicia.

Citamos, entre outros:

- Reforzo e apoio no desenvolvementos das ACS
- Estimulación cognitiva.
- Procesos psicolóxicos básicos: atención, percepción, memoria e motivación
- Procesos psicolóxicos superiores: razoamento, linguaxe, abstracción y xeneralización de aprendizaxes.
- Aprendizaxes instrumentais básicos.
- Nocións de cálculo e resolución de problemas lóxico matemáticos.
- Lectura e escritura: expresión e comprensión tanto oral como escrita.
- Estimulación da habilidades lingüísticas e habilidades sociais.

Os criterios para a organización e secuenciación dos contidos son:

- A súa adecuación ao nivel de desenvolvemento do alumnado.
- A súa adecuación aos coñecementos previos do alumnado
- O equilibrio necesario entre os contidos e as capacidades do alumnado
- A interrelación significativa dos obxectivos, contidos e competencias.
- A continuidade e progresión dos aprendizaxes.

Atendendo ao currículo da ESO e a **Orde ECD 65/2015, do 21 de xaneiro**, pola que se describen as relación entre as competencias, contados e criterios de avaliación de EP, ESO e BACH, desde a aula de Pedagogía Terapéutica preténdese que o alumnado acade os obxectivos básicos de etapa e adquiren as competencias clave contribuíndo o seu desenvolvemento:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
 - 1) Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

- 2) Competencia dixital (CD).
- 3) Competencia social e cívica (CSC).
- 4) Competencia de aprender a aprender (CAA).
- 5) Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 6) Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Os principios pedagóxicos que se terán en conta son, entre outros, organizar os contidos seguindo un enfoque interdisciplinar e propiciar os intercambios comunicativos, destacando a importancia de crear un clima cálido e de afecto como fío condutor do proceso de ensino aprendizaxe.

Empregaranse metodoloxías activas, inclusivas e innovadoras, onde a acción educativa buscará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes e o goce pola lectura será un factor fundamental no desenvolvemento das competencias clave.

Asemade o proceso de ensino aprendizaxe fundamentarase nos seguintes principios psicopedagóxicos:

- O alumnado será protagonista do seu aprendizaxe respectando sempre o seu ritmo.
- Construción de aprendizaxes funcionais, aplicando coñecementos e habilidades da vida diaria mediante aprendizaxes significativos o que supón tamén o desenvolvemento de estratexias de planificación e regulación da propia aprendizaxe: aprender a aprender.
- Fomertar aprendizaxe cooperativos

Importancia da ensinanza gradual a través de encadeamento cara atrás e aprendizaxe sen erros.

Presentaranse actividades en crecente complexidade, variadas e curtas para garantir a atención, motivación e interese do alumnado e evitar a fatiga.

Debido as dificultades para autoevaluarse e autorregularse, ofrecerase feedback sobre a súa execución mediante o reforzo positivo tendo en conta especialmente o significativo número de alumnado desmotivado e absentista.

7. RECURSOS

Os recursos materiais deben de ser variados segundo as actividades pois da mesma maneira que a capacidade para adquirir os contidos é diferente, tamén o é a forma na cal asimilan. Por dita razón, non se recorrerá exclusivamente á presentación da información escrita, senón que se utilizarán apoios visuais, ferramentas TIC e recursos manipulativos. Naquelas áreas con ACS adaptaranse os temas dos libros de texto e apuntamentos do proporcionados polo profesorado, e se elaborarán cadernos específico para cada materia. Neste senso, empregarase co alumnado material adaptado tendo en contas as áreas instrumentais básicas para estimular as nocións de cálculo e resolución de problemas, comprensión e expresión oral e escrita, ortografía, etc. podendo adquirir novos recursos en función das necesidades do alumnado. Compre engadir que no presente curso todo o alumnado da ESO conta con ordenador de E-DIXGAL e Aula Virtual.

Un recurso importante a salientar son a emisora dos do alumno con hipoacusia, que resulta de vital importancia para o seguimento do traballo escolar.

O curso pasado comezou un alumno con Deficiencia Visual. Contará novamente con personal coidador e con apoio de profesorado da ONCE. Tamén contará con recursos materiais específicos : ordenador adaptado e máquina Perkins, entre outros, para facilitarlle o acceso ao currículo.

Os recursos organizativos fan referencia aos tipos de agrupamentos do alumnado e á organización espazo temporal. Poderá ofrecerse dentro da aula ordinaria ou fora desta con carácter excepcional. Os agrupamentos dependerán do tipo de actividade, así como do obxectivo que se persiga, será oportuno formar grupos semellante nivel de competencia curricular e poderán realizarse dentro de aula ordinaria ou na aula de PT. En relación aos espazos dicir que se favorecerá a utilización polivalente dos diferentes espazos do centro. A distribución das aulas de PT será flexible para facilitar a interacción e apoio das dificultades que presentan. Asemade, organízanse distintas zonas de traballo individual e en grupo, en función das necesidades específicas, dos contidos a traballar e dos programas a aplicar.

Entre os recursos humanos, diferenciar os recursos internos propios do centro como o

profesorado implicado no proceso de ensinanza aprendizaxe, o departamento de orientación e o equipo directivo. E os recursos externos ao centro como o Equipo de Orientación Específico, Fundación Secretariado Xitano, Meniños, Gabinetes externos, etc.

8. AVALIACIÓN

A avaliación enténdese tal como se recolle no **Orde do 21 de decembro de 2007** actualizada pola **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia; como un proceso que se desenvolve ao longo do espazo e do tempo e ten tres momentos importantes: inicial, continua e final.

O comezo do curso, farase unha avaliación inicial para valorar o nivel de competencia curricular do alumnado, servirá como punto de partida para fundamentar a programación individual do alumnado.

A avaliación continua levarase a cabo tendo en conta os obxectivos propostos e cobra gran relevancia de cara a adecuar a intervención pois fai posible a modificación da resposta educativa a partir do coñecemento das dificultades e logros do alumnado. Estará baseada na observación directa, nas probas específicas e nas actividades realizadas na aula por cada alumno/a. Trimestralmente, nas sesións de avaliación informarase dos avances e posibles retrocesos do alumnado e, se é preciso, faranse os axustes necesarios para palialos.

Ao remate do curso farase unha avaliación final para constatar en qué grao se acadaron os obxectivos propostos, establecer o nivel de desenvolvemento acadado polo alumnado e orientar futuros procesos de ensino aprendizaxe. Os resultados acadados por cada alumno/a serán recollidos nunhad rúbrica trimestral e nun informe final, de carácter confidencial. As propostas de mellora e a avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos propostos ao longo do curso, quedarán reflexados na Memoria Final do Curso.

Polo tanto, a cualificación ao finalizar cada avaliación terá como referente os criterios de avaliación así como os estándares de aprendizaxe das correspondentes ACS e será tomada conxuntamente entre o profesorado de PT e o profesorado de área ou materia.

O instrumento de avaliación fundamental para levar a cabo a avaliación do alumnado é a observación directa, a recollida sistemática de información e as actividades realizadas nas aulas de PT, que serán tidas en conta na avaliación continua.

Na avaliación da práctica docente analizarase a adecuación da programación de aula, a adecuación dos programas específicos ás NEE, á metodoloxía e recursos empregados, o grao de coordinación co profesorado implicado e a concreción das medidas de atención á diversidade adoptadas.

Os instrumentos de avaliación para levar a cabo a avaliación da nosa propia práctica docente é a elaboración de rexistros de observación directa e rubricas.

Pontevedra, 18 de setembro de 2023.

Asdo.: As especialistas de Pedagogía Terapéutica.

M^a Pilar López Lago - Pt1

Alba Lago Vilasó (substituta de Cristina Martín Moreira) – Pt2